3.1.1.- Estar legalmente constituídas e inscritas no rexistro municipal de entidades cidadás do Concello de Narón cos datos actualizados, no momento de presentar a solicitude.

3.1.2.- Non estar incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública dispostas no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

3.1.4.- No caso de entidades que foran beneficiarias de subvencións ou axudas económicas concedidas en anos anteriores polo Concello de Narón, deberán telas debidamente xustificadas e aprobadas polo Concello de Narón, así como non ter aberto ningún procedemento de reintegro das cantidades percibidas por algunha das causas previstas no art. 37 da lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Se no momento de presentar a solicitude non se podera acreditar este extremo por estar o Concello tramitando a fase de "xustificación" das subvencións incluídas na anterior convocatoria, incorporarase ao expediente de solicitude informe do Xefe do Servizo sobre este extremo, sen que supoña motivo de exclusión para solicitar.

3.1.5**.-** Que as actividades para as que se solicita subvención sexan de interese para o Concello.

3.1.6**.-** Cumprir cos requisitos da convocatoria correspondente.

Artigo 4.- Solicitudes

4.1.- Forma, lugar e prazo

As solicitudes, en modelo oficial facilitado polo Concello, e demais documentos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Narón ou por calquera dos medios contemplados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo de presentación será o que se estableza de xeito particular en cada convocatoria específica. De non constar, o prazo para presentar a solicitude será de 30 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria correspondente. De ser o último día de prazo domingo ou festivo, entenderase prorrogado ata o día seguinte hábil.

Non serán admitidas a trámite as solicitudes presentadas fora do prazo establecido para solicitar, dictándose resolución pola que se declara o arquivo sen máis trámite, e que será notificada ao interesado.

4.2.- Documentación

Os modelos xerais serán os elaborados e facilitados polo Concello de Narón.

Se algún documento oficial non puidera recoller toda a información solicitada, atendendo á extensión da mesma, esta figurará nun documento aportado pola entidade como "Anexo ao doc. Nº".

A documentación que se achegue en fotocopia deberá entregarse compulsada diante de notario ou polo Secretario Xeral do Concello de Narón, no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello.

4.2.1.- Instancia de solicitude asinada polo/a presidente/a da entidade, asociación ou institución, na que constará, obrigatoriamente, unha conta de correo electrónico identificativa da entidade, para establecer unha vía de

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

comunicación entre a entidade e o Concello no que se refire a este proceso, e que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente.

4.2.2.- Memoria das actividades para as que se solicita a subvención.

4.2.3.- Declaración responsable do/a presidente/a sinalando se a entidade ten solicitada doutro organismo algunha subvención ou axuda para a realización dos mesmos programas e actividades, así como a data da solicitude, concepto e contía desta. Igualmente sinalarase cales foron concedidas e cales están pendentes de resolución.

4.2.4.- Autorización do/a presidente/a ao Concello para obter as certificacións de estar ao corrente ou non ter débedas co Concello de Narón, coa Axencia Tributaria, e coa Seguridade Social.

No caso de presentar as certificacións orixinais recabadas directamente pola entidade dos organismos citados, non será precisa esta autorización.

4.2.5.- Certificación acreditativa de non ter débedas coa Axencia Tributaria de Galicia.

4.2.6.-Declaración responsable do/a presidente/a de non estar incurso, tanto o asinante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para obter a condición de beneficiario previstas no art. 13 da Lei 38/2009, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

4.2.7.- Certificación ou documento emitido por entidade financeira dos datos bancarios da entidade, sempre que non consten neste Concello ou fosen modificados.

4.2.8.- No caso de documentos e informacións esixidos na convocatoria que estiveran en poder do Concello, os solicitantes poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentadas, ou no seu caso, emitidos, e cando non teña transcorrido máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan, e os citados documentos estean en vigor.

4.2.9.- Calquera outra documentación que se especifique na convocatoria correspondente.

Artigo 5.- Obrigas das entidades beneficiarias

Con independencia das obrigacións específicas que recollan as distintas convocatorias, os convenios ou acordos de concesión, serán obrigacións xerais dos beneficiarios das subvencións do Concello de Narón as seguintes:

5.1.- Realizar as actividades incluídas no proxecto e cumprir co obxectivo das actividades obxecto da subvención.

5.2.- Cumprir cos requisitos establecidos nas bases das diferentes convocatorias.

5.3.- Xustificar o cumprimento da finalidade da actividade obxecto da concesión da subvención.

5.4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar a información e documentación que lle sexa requirida.

5.5.- Comunicar ao órgano concedente a solicitude e obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Dita comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso no momento da xustificación da aplicación dos fondos percibidos

5.6.- Non modificar a programación das actividades sen coñecemento e autorización expresa da Comisión Avaliadora.

5.7.- Facer constar a colaboración do Concello de Narón en toda a publicidade que se fixera das actividades subvencionadas (impresa, informática, audiovisual e na páxina web da entidade se a tivera).

A partires do 1 de xaneiro de 2016 os beneficiarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno, deberán dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos términos e condicións establecidos na citada Lei.

5.8.- Utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante un documento expedido por entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón, etc…) no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago. O pago en metálico utilizarase en casos excepcionais cando non sexa posible outra forma de pago (peaxes, aparcadoiro, etc..).

5.9.- Realizar as actividades no período establecido na convocatoria, e o pago efectivo dos gastos ocasionados polas actividades subvencionadas con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado en cada convocatoria.

5.10.- Os gastos superiores a 50.000,00 € para realizar obras que non sexan consideradas inversión, ou a 18.000,00 € para adquirir equipamento non inventariable, ou prestar servizos, precisarán polo menos, de tres ofertas de distintas empresas provedoras.

CAPITULO III
PROCEDEMENTO DE CONCESION E XESTION DAS SUBVENCIÓNS

Artigo 6.- Procedemento de concesión e pago

As subvencións poderán concederse polo procedemento ordinario, de forma directa, ou con carácter excepcional, aqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

6.1.- Procedemento ordinario

Tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Para os efectos desta ordenanza, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realice mediante a

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre éstas, de acordo cos criterio sde valoración peviamente fixados, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do créidto disponible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

6.1.1.- O procedemento de concesión destas subvencións iniciarase de oficio, e deberá incluír necesariamente os seguintes trámites:

6.1.1.1.- Convocatoria pública mediante acordo da Xunta de Goberno Local, axustada ao previsto no artigo 23.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, que incluirá as bases específicas nas que se consignarán os créditos orzamentarios aos que se imputan as subvencións.

6.1.1.2.- Publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos da Corporación municipal, e páxina web do Concello indicando: o obxecto e finalidade, os requisitos para formular as solicitudes, a oficina municipal onde se poden obter as bases da convocatoria, e o lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A partires do 1 de xaneiro de 2016, as convocatorias de subvencións deberán publicarse na Base de Datos Nacional de subvecións (BDNS), con indicación do diario oficial no que se publicará o extracto das mesmas.

A Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

6.1.1.3.- Presentación das solicitudes no modelo oficial.

6.1.1.4.- Rematado o prazo de presentación, procederase á formación do expediente de cada solicitude de subvención, comprobando os documentos presentados (parte administrativa), así como o contido dos mesmos (parte técnica).

6.1.1.5.- No caso de que a solicitude e documentos que acompañan non se realizase no modelo oficial entregado ao efecto, ou de que a documentación presentada, requirida no apartado 4.2, fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda, requiríndoselle por escrito ao solicitante para que repare os defectos observados, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico e do Procedemento Administrativo Común.

A entidade que non cumpra cos requisitos esixidos no apartado 3.1 no momento da presentación da solicitude non poderá optar á subvención solicitada, notificándoselle a resolución de arquivo do expediente.

6.1.1.6.- A cada expediente se incorporará un informe de avaliación provisional realizado polo Técnico correspondente.

6.1.1.7.- Os expedientes que reúnan as condicións para continuar coa súa tramitación, serán remitidos á Comisión de Valoración, que poderá solicitar o asesoramento dos técnicos que estime necesarios e informe técnico do departamento tramitador, se así o considerase oportuno.

6.1.1.8.- A composición da Comisión de Valoración será determinada en cada unha das diferentes convocatorias.

6.1.1.9.- A Comisión de Valoración emitirá dictame expresando a relación de solicitantes para os que se propón a concesión ou denegación da subvención, a súa contía, causas de denegación, así como o importe que deberá ser xustificado.

6.1.1.10.- O órgano instrutor, á vista do ditame da Comisión de Valoración, formulará unha proposta de resolución motivada ao órgano competente para resolver.

6.1.1.11.- Resolución do órgano competente aprobando ou denegando a concesión de subvencións, que deberá ser notificada aos beneficiarios no prazo dun mes desde que se adopte o acordo.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento no poderá exceder de seis meses, período que se computará a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes. O silencio da Administración terá carácter desestimatorio.

6.1.1.12.- Aceptación por parte dos beneficiarios nun prazo de dez días desde a notificación da resolución. Transcorrido este prazo, sen que se producira manifestación algunha expresa entenderase tacitamente aceptada.

6.1.1.13.- Publicidade das subvencións concedidas, nos casos que proceda e, en todo caso, na páxina web e taboleiros de edictos do Concello, ou aqueles outros establecidos por Lei.

A partires do 1 de xaneiro de 2016 remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) información sobre as subvencións concedidas.

A Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

6.1.2.- Reformulación das solicitudes

Unha vez notificada a resolución recaída, e dentro do prazo outorgado no apartado 6.1.1.12, se a cantidade concedida é inferior á solicitada, a entidade poderá reformular a súa solicitude, despois de aceptar as condicións referidas na proposta, debendo achegar o proxecto adaptado co novo orzamento, respectando o obxecto, condicións e finalidade da subvención.

A nova solicitude remitirase á Comisión de Valoración para novo ditame, e será obxecto de resolución polo mesmo órgano que ditou a resolución inicial de concesión.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

6.1.3.- O aboamento da subvención realizarase tras a xustificación, por parte do beneficiario, da realización da actividade, proxecto ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos da normativa reguladora da subvención.

Poderán realizarse pagos a conta ou pagos anticipados da subvención, con indicación do réxime de garantías que proceda, se é o caso, de acordo co establecido no R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

O pago anticipado das subvencións concedidas por importe inferior a 3.000,00 € ou referidas a programas de acción social, realizarase unha vez rematado o prazo de 10 días desde a notificación da resolución de concesión da subvención, sendo firme a resolución de concesión.

O pagamento da subvención farase mediante transferencia á conta bancaria reflectida na solicitude.

6.2.- Procedemento de concesión directa

A resolución de concesión e, se é o caso, os convenios a través dos cales canalizar estas subvencións, establecerán as condicións e compromnisos aplicables de conformidade co disposto na Lei Xeral de Subvencións, e terán o carácter de bases reguladoras para os efectos previstos nesta.

Deberán incluir como mínimo:

6.2.1.- Determinación do obxeto da subención e dos seus beneficiarios, de acordó coa signación orzamentaria.

6.2.2.- Crédito orzamentario ao que se lle imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, se é o caso, para cada beneficiarios se fosen varios.

6.2.3.- Compatibilidade ou incompatibilidades con outra subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de claquera administración, ente público, privado ou nacional, da Unión Europea, ou de organismos interncionais.

6.2.4.- Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e aboamentos a conta, así como o réxime de garantías que, se é o caso, deberán achegar os beneficiarios.

6.2.5.- Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, e da aplicación dos fondos percibidos.

Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos presupostos xerais do Concello de Narón, sen prexuizo do que a este respecto poidan establecer as Bases de Execución do orzamento municipal.

En todo caso, a asiganción que finalmente se reflicta nos acordos de concesión das subvencións nominativas poderá ser distinta da previsión orzamentaria, cando así resulte da aplicación dos convenios nos que teñan fundamento ou por outras causas debidamente motivadas, e previa modificación das bases de execución do orzamento.

Artigo 7.- Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

Serán competentes para a instrución do procedemento de concesión ou non concesión de subvencións o Alcalde-Presidente e/ou os Concelleiros/as Delegados/as da área que teña delegada a concesión de axudas económicas para a convocatoria correspondente, os cales impulsarán de oficio a realización de cantas actuacións consideren necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución.

O órgano competente para resolver o procedemento será a Xunta de Goberno Local.

Artigo 8.- Criterios de valoración e determinación da contía da subvención

8.1.- Serán criterios preferenciais para o outorgamento das subvencións ás entidades asociativas municipais para o desenvolvemento de actuacións no termo municipal, atendendo aos principios de obxectividade e igualdade, os establecidos nas diferentes convocatorias.

8.2.- A contía da subvención estará directamente relacionada coa valoración dos proxectos, non podendo superar o límite marcado polas diferentes convocatorias. No caso de non especificarse este límite, o importe da subvención solicitada non poderá superar ao 50% do orzamento de gastos presentado.

Para o caso de que a suma do importe resultante desta valoración e das solicitudes ou concesións de outras axudas por organismos públicos ou entes privados, superara o 100 % do custo total do proxecto presentado pola entidade solicitante, o importe da subvención municipal quedaría minorado proporcionalmente.

Cando a valoración e a cantidade resultante da mesma determinen unha axuda superior ao importe solicitado pola entidade, a subvención terá como límite a cantidade solicitada.

Unha vez rematada a fase de avaliación de todas as solicitudes e determinados os importes das subvencións a conceder, no caso de que a cantidade concedida total fora inferior á consignación orzamentaria inicialmente asignada, a Comisión de Valoración de consideralo oportuno, poderá realizar os axustes necesarios entre os beneficiarios das subvencións, ata que o reparto total acade a consignación inicial destinada a este fin.

Artigo 9.- Financiamento

A concesión das subvencións terá como límite as disponibilidades orzamentarias que o Concello de Narón asignará nos seus Orzamentos para a concesión de subvencións.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

As diferentes convocatorias de concesión de subvencións establecerán a/s aplicación/s orzamentaria/s de imputación así como o importe asignado a cada unha delas.
A distribución destes créditos se realizará conforme aos criterios establecidos nas convocatorias correspondentes.
A aprobación das distintas convocatorias particulares queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do Orzamento Xeral do Concello de Narón para o correspondente exercicio no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender as solicitudes que ao amparo destas se presenten.

En base ao anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso de transcendencia orzamentaria, en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada.

En ningún caso as convocatorias particulares xerarán dereito ningún a favor das entidades solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

CAPITULO IV
XESTIÓN E FISCALIZACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Artigo 10.- Xustificación, lugar e prazos de execución

10.1.- A entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e a aplicación dos fondos recibidos.

O importe a xustificar será o total do proxecto ou acción subvencionada. No caso de que a xustificación presentada non alcance o 100 por cento do proxecto adxudicado, a subvención reducirase proporcionalmente.
Os modelos dos documentos serán os elaborados e facilitados polo Concello de Narón.
Se algún documento oficial non puidera recoller toda a información solicitada, atendendo á extensión da mesma, ésta figurará nun documento aportado pola entidade como "Anexo ao Doc. Nº".
A documentación que se achegue en fotocopia deberá entregarse compulsada diante de notario ou polo Secretario Xeral do Concello de Narón, no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello

10.1.1.- Memoria Técnica da actividade realizada:

- Actividades ou programas desenvolvidos, con expresión de calendario e lugar de execución.
- Obxectivos ou resultados acadados, características, estrutura e metodoloxía da actuación ou programa.
- Número de beneficiarios desagregados por sexo.
- Declaración de recursos humanos relacionados coa actividade ou programa: profesionais asalariados, voluntariado, etc.
- Recursos materiais: descrición de instalacións e equipamento.
- Orzamento de execución detallado con expresión do custo dos recursos humanos e materiais.

10.1.2.- Certificación expedida polo/a secretario/a da entidade de execución das actividades obxecto da subvención.

10.1.3.-Memoria económica:

- Relación numerada das facturas ou documentos equivalentes que se aportan para xustificar a subvención concedida, con indicación do número, titular, importe total da factura, e importe que se imputa á xustificación e data e forma de pago.
- Nos orixinais das facturas deberá realizarse unha dilixencia, asinada polo/a Secretario/a da entidade, na que conste o tanto por cento ou importe que da mesma se imputa á subvención que se xustifica.
- Fotocopias compulsadas das facturas que se inclúen no apartado segundo, (debendo estar identificadas co nº que ten asignado na relación e ordenadas correlativamente) axuntando a cada unha delas o seu xustificante de pago. No suposto de que, excepcionalmente, o pago fora realizado en metálico, deberá constar na propia factura recibín asinado pola persoa que recibe os fondos, con indicación do seu nome e apelidos e DNI.
- No caso de que se presenten gastos que conleven unha retención por parte da entidade do IRPF ou de Seguridade Social, deberán acreditar o pago de nóminas, boletíns de cotización á seguridade social, e impresos de ingreso en Facenda das retencións practicadas.
- Considerararanse gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido. Enténdese para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nestas bases, é dicir, gastos xa realizados e aboados.
- Nas excursións ou viaxes só poderán xustificarse os gastos de desprazamento, agás as viaxes ou desplazamentos necesarios para a participación do clube ou entidade en campeonatos, torneos, eventos, etc… incluídos nas actividades subvencionadas.
- As facturas e recibos de pagamento deberán reunir os seguintes requisitos:
    - Ser copias debidamente compulsadas, nas que os conceptos dos gastos serán obrigatoriamente os que foran motivo da subvención.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
- Deberán expresar con detalle os bens e servizos adquiridos, base impoñible, tipo do IVE aplicado e o seu importe, tipo do IRPF e o seu importe, calquera outro imposto ao que estivera suxeito o provedor, e o total resultante da factura.
- Cumprir cos requisitos esixidos pola normativa vixente en materia de facturación.

10.1.4.- Certificación de entidade aseguradora na que conste que durante o período de celebración das actividades obxecto desta subvención, os participantes estiveron cubertos por unha póliza de seguro.
10.1.5.- Un exemplar da publicidade realizada das actividades subvencionadas, (impresa, informática, audiovisual ou na súa páxina web se a tivera).
O Concello de Narón, no caso de consideralo oportuno, elaborará un modelo no que figure que as actividades desenvolvidas están cofinanciadas pola institución municipal, e que será entregado a cada entidade.
A partires do 1 de xaneiro de 2016 os beneficiarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno, deberán presentar xustificación do cumplimento da obriga de dar publicidade das subvencións e axudas percibidas nos términos e condicións establecidos na citada Lei.
10.1.6.- Declaración responsable do/a Presidente/a sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración Pública, de particulares ou de entidades privadas.
10.1.7.- Declaración responsable do/a Presidente/a de non concorrencia con outras axudas municipais.
10.1.8.- Declaración responsable do/a Presidente/a de non estar incurso, tanto o declarante como a entidade, nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública previstas no art. 13 da Lei 38/2009, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10.1.9.- Calquera outra documentación que se especifique na convocatoria correspondente.
10.2.- Toda a documentación recollida no apartado 10.1 presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Narón, dentro do primeiro trimestre do ano natural seguinte ao da concesión da subvención, excepto que as diferentes convocatorias establezan outro prazo.
Os documentos aportados fora dos prazos outorgados para xustificar non serán tidos en conta, quedando arquivados sen mais trámite no expediente correspondente.
10.3.- O período de execución comprenderá do 1 de xaneiro a 31 de decembro do ano a que fai referencia a convocatoria de concesión de subvencións, con independencia da data na que se conceda a subvención e se faga efectivo o pago, excepto que os diferentes convenios ou convocatorias establezan outro período.

Artigo 11.- Tipoloxía do gasto

11.1.- Se consideran gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, e se axusten aos criterios que figuren expresamente nas diferentes convocatorias.
11.2.- Exclusións
11.2.1.- Os gastos de investimentos.
11.2.2.- Os gastos de adquisición de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde, así como os alimentos e bebidas, agás os produtos típicos de celebracións tradicionais gastronómicas e festexos populares.
11.2.3.- Os gastos establecidos no art. 31.7 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
11.2.4.- As actividades suxeitas a un convenio de colaboración co Concello.
11.2.5.- Aqueles gastos que se establezan de xeito particular nas diferentes convocatorias.

Artigo 12.- Causas de invalidez da resolución de concesión, reintegro, e procedemento

Son causas da resolución de concesión da subvención as contempladas no artigo 62.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 32 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.
Son causas de anulabilidade da resolución de concesión as demais infraccións do ordenamento xurídico e, en especial, das regras contidas na normativa legal reguladora das subvencións.
A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación, a renuncia da beneficiaria, e nos demais supostos de incumprimento por parte da beneficiaria, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.
Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora dende o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, na contía legalmente establecida, e coa tramitación previa do expediente, nos supostos referidos nos puntos anteriores, e nos seguintes:

- Incumprimento da obriga de xustificar no prazo e termos que se establecen.
- Cando a xustificación parcial do gasto non acade o 50 % do importe a xustificar.
- Cando a xustificación parcial do gasto supere o 50% do importe a xustificar, reintegrarase a parte proporcional da cantidade deixada de xustificar, sempre e cando existan motivos dabondo que xustifiquen que non executándose a totalidade do proxecto subvencionado, a actividade resultante desenvolvida foi de

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

interese e aproveitamento por parte dos participantes, acadándose resultados satisfactorios. En caso contrario procederá o reintegro da totalidade do importe concedido.

- Obtención da subvención sen reunir ou deixando de reunir os requisitos establecidos (falseando as condicións requeridas para elo ou ocultando aquélas que o impediran).
- Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi outorgada.
- Incumprimento das condicións impostas ás entidades colaboradoras e beneficiarias con motivo da concesión da subvención.
- Negativa do beneficiario ás actuacións de control establecidas polo Concello para comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da Lei 38/2003.
- Incumprimento das obrigas impostas polo Concello aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de eles se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais ou doutros distintos dos anteriores.

A resolución pola que se esixa o reintegro ditarase polo mesmo órgano que concedeu a subvención seguindo o procedemento establecido no artigo 42 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e no 37 e seguintes da Lei 9/2007 de subvención de Galicia.

CAPITULO V
INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 13.- Réxime sancionador

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido nos artigos 50 a 68 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, en canto non contradigan o disposto para estes efectos nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

A imposición da sanción será independente da obriga de reintegro da cantidade indebidamente recibida, e impoñerase polo mesmo órgano que concedeu a subvención.

Artigo 14.- Resolución e recursos

A Xunta de Goberno Local acordará a concesión ou denegación das subvencións, a proposta do órgano instrutor, co ditamen previo da Comisión de Valoración, segundo o procedemento establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, R.D. 887/2006 Regulamento que a desenvolve, e Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Contra o acordo que adopte cabe interponer, potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnado directamente ante a Orde Xurisdicional Contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación da resolución.

Disposición final e derrogatoria

A presente ordenanza entrará en vigor a teor do establecido no artigo 70 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, unha vez que se publique completamente o seu texto no *Boletín Oficial da Provincia* e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 do devandito texto legal, supoñendo a derrogación de calquera outra anterior, e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa polo Concello de Narón.

QUINTO: O presente acordo provisional, exporase ao público, no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de 30 días a contar desde o seguinte a súa publicación no BOP, a efectos de reclamacións perante o Concello- Pleno, de non presentarse reclamación, o presente acordo entenderase elevado a definitivo.

Propostas de modificacións formuladas polo PP:

ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

O tipo de gravame pasaría do 0,70% actual ao 0,60%.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

ORDENANZA FISCAL Nº 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA
As cotaS rebaixaranse de xeito xeral o 7,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº 6 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS
O tipo de gravame sobre construccións, instalacións e obras, pasará a ser o 2%.

ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS
A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE REFUGALLOS SÓLIDOS URBANOS
A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS
A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DA TAXA POR LICENZA DE APERTURA E VERIFICACIÓN DE ESTABLECEMENTOS
A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº13 - REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.
A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº14 - REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS PRESTADOS POLO PADROADO DA CULTURA.
A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº15 - REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO.
A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº16 - REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CEMITERIO MUNICIPAL.
A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº17 - REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº18 - REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº19 - REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS RELATIVOS Á POSESIÓN DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA E POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº20 - REGULADORA DE TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS, COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS E SERVIZOS URBANÍSTICOS.

A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº22 - REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS.

A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº23 - REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS DE EMERXENCIAS, PROTECCIÓN CIVIL, PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO.

A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº24 - REGULADORA DA TAXA POLA INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA E POLA RETIRADA, TRASLADO E DEPÓSITO DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA.

A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº25 - REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO CHAN, SUBSOLO OU VOO DA VÍA PÚBLICA EN FAVOR DE EMPRESAS DE SUBMINISTRACIÓNS.

A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº26 - DE DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE CORTA.

A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº27 - REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº31 - REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA MÁQUINA FOTOCOPIADORA.

A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

ORDENANZA FISCAL Nº33 - REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CENTRO MUNICIPAL DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES.
A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº34 - REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE ADAPTADO PARA PERSOAS DEPENDENTES.
A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº36 - REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO CENTRO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS DE GANDO NA FEIRA DO TRECE. A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

ORDENANZA FISCAL Nº37 - REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR UTILIZACIÓN DO SISTEMA MUNICIPAL DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS.
A cota rebaixarase para aplicar o IPC acumulado deste ano e do anterior, sendo a baixada do 1,1%.

Como sempre se votará a proposta e se queda aprobada queda rexeitada a emenda.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
TEGA: A favor 10
PP: En contra 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: En contra 2

Queda polo tanto rexeitada a emenda presentada polo Partido Popular.

4 º.- PROPOSTA DE SOLICITUDE FRACCIONAMENTO REINTEGRO SALDO DEBEDOR LIQUIDACIÓN PARTICIPACIÓN TRIBUTOS ESTADO ANO 2013.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O día 3/08/2015 o Concello de Narón recibiu notificación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas pola que se lle comunica o importe da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado correspondente ao exercicio 2013, que acada un saldo debedor de 436.236,54 €.
A Disposición adicional décima do Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, relativa ao reintegro do saldo debedor resultante a cargo das entidades locais da devandita liquidación, establece que poderán fraccionar a devolución nun período de 10 anos.
A solicitude, logo de aprobación polo Pleno da Corporación, remitirase polo Interventor ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medios telemáticos e con firma electrónica antes do 1 de novembro de 2015.
A concesión estará condicionada a ter presentado a liquidación dos orzamentos do exercicio 2014 da totalidade de entidades integrantes da corporación local; ao cumprimento a 31 de decembro de 2014 do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite de débeda pública establecido nos

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

artigos 51 e 53 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 marzo, e a que o período medio de pagamento a provedores, publicado este mes de outubro, consonte co Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, non supere en máis de 30 días o prazo máximo estipulado na normativa de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Non poderán acollerse a este réxime os concellos que se atopen en situación de risco financeiro, definido consonte co estipulado no art. 39.1 do Real Decreto.Ley.

Considerando que ou Concello de Narón presentou a liquidación dos Orzamentos das entidades integrantes da corporación local correspondentes a 2014 e que, a data de hoxe, se prevé o cumprimento do resto das devanditas esixencias, establecidas nos apartados 3 e 8 da Disposición adicional décima do Real Decreto-lei 17/2014.

Visto o ditame favorable por maioría (votos a favor 4 TEGA, 1 BNG e 1 PSdeG-PSOE, e abstencións 2 PP e 1 Grupo Mixto) da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas en reunión celebrada o 22/10/2015, o Presidente da devandita Comisión propón ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a solicitude ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do fraccionamento do reintegro do saldo debedor da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado do ano 2013 nun período de 10 anos.
SEGUNDO: Dar conta deste acordo aos servizos económicos aos efectos oportunos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
TEGA: A favor 10
PP: En contra 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 1(EU) Abstenciones 1(E.N.E.)

5 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MOFIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 11/2015.. -
Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A necesidade de proceder a realización de axustes orzamentarios para poder atender a merca de tres vehículos con destino ao Servizo de Emerxencias, gasto que o responsable do devandito Servizo cualifica de urxente e inaprazable, require da dotación dun crédito extraordinario que se financiará con baixas por anulación de créditos de outras aplicacións orzamentarias que os responsables dos centros xestores correspondentes consideran reducibles sen perturbación do servizo respectivo.
Vistos o expediente que se achega e a modificación que se propón consonte co seguinte detalle:
FINANCIAMENTO

Aplicación orzamentaria		Baixa por anulación
02/13600/62300	Bombeiros. Investimento novo en maquinaria, instalacións e utillaxe	-18.845,20
01/94100/75100	Transferencias a órganos da Xunta Galicia. Centro Saúde	-100.000,00

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Aplicación orzamentaria	Baixa por anulación
TOTAIS	-118.845,20

INVESTIMENTO

Aplicación orzamentaria		Crédito extraordinario
02/13600/62400	Bombeiros. Elementos de transporte	118.845,20

Visto o ditame favorable por maioría (votos a favor 4 TEGA, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE e abstencións 2 PP e 1 Grupo Mixto) pola Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas en reunión celebrada o 22/10/2015, o presidente da devandita Comisión propón ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de modificación de créditos N.º 11/2015 de crédito extraordinario por un importe total de 118.845,20 €, financiado con baixas por anulación de créditos.

SEGUNDO: Expoñer o presente acordo ao público por un período de 15 días hábiles, para que os interesados lexítimos poidan presentar as reclamacións que consideren oportunos. De non presentarse reclamacións no período de exposición pública o acordo entenderase elevado a definitivo.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10
PP: En contra 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: Abstencións 2

6 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS 2016).. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Con data 9 de outubro de 2015, notifícase por parte da Excma. Deputación Provincial, a cantidade asignada a este Concello no reparto do Plan de Obras e Servizos 2016, que resultou ser de 608.763,86 euros.

As bases reguladoras do citado Plan de Obras e Servizos 2016, na súa base 5, estipula que se deberá remitir á Excma. Deputación Provincial, certificado do acordo municipal de participación no Plan.

Unha vez sabido a achega da Deputación Provincial, a concellería de Obras Públicas, ordenou a redacción de varios proxectos de obras a incluír no Plan Base; e así mesmo se transmitiu ao departamento de Intervención de Fondos as necesidades en relación co gasto corrente correspondente á limpeza viaria.

Por todo o exposto, e visto o ditame favorable por maioría con 6 votos a favor (4 TEGA, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) e 3 abstencións (2 PP e 1 Grupo Mixto) da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas en reunión celebrada o 22/10/2015, o presidente da devandita Comisión propón ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016** da Deputación provincial da Coruña**,** cuxas bases se coñecen e aceptan na súa

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos, e ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
Pavimentación De camiños de Pombiña, A Chousa, San Clemente, O Ponto e Sta Margarida	87.814,09	9.757,12	97.571,21
Reforzo de rodadura en camiños de Doso, Pedroso e Sedes	76.001,37	8.444,60	84.445,97
Reforzo de rodadura en camiños de Castro, San Xiao, Xuvia e o Couto	88.677,63	9.853,07	98.530,70
Pavimentación en camiños de O Val e San Mateo	65.989,20	7.332,13	73.321,33
Execución e mellora de drenaxes en Doso, Pedroso e San Mateo	30.464,55	3.384,95	33.849,50
SUBTOTAL OBRAS	**348.946,84**	**38.771,87**	**387.718,71**

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	259.817,02
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	**259.817,02**

C) Resumo:

SUBTOTAIS	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL OBRAS	348.946,84	38.771,87	387.718,71
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	259.817,02	---	259.817,02
T O T A L	**608.763,86**	**38.771,87**	**647.535,73**

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
TEGA: A favor 10
PP: En contra 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 1 (EU) ; En contra 1(E.N.E.)

7 º.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN REVISIÓN DE PREZOS SERVIZO DE RECOLLIDA DE R.S.U. LIMPEZA VIARIA PARA O ANO 2014.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: A empresa URBASER S.A., actual concesionaria do servizo de Recollida de R.S.U. e Limpeza Viari, solicitou mediante escrito presentado o día 2 de setembro do ano que estamos a correr, revisión dos prezos do contrato do ano 2013.
No artigo II.1.3 do prego de condicións que rexe esta contratación, regúlase a revisión de prezos do contrato mediante aplicación de fórmula polinómica con factores como man de obra, prezo carburante, materiais, IPC etc.
Na actualidade o prezo do contrato so foi revisado ata o ano 2012, co que o prezo que na actualidade se está a pagar está por debaixo dos prezos do mercado, a pesar da crise económica que estamos a vivir.
O día 14 de setembro de 2015, o Encargado Xeral dos Servizos Externos D. Francisco García Gato, emite informe sobre o canon a pagar durante o ano 2014 polo servizo de recollida de lixo e limpeza viaria que ascende a 2.385.148,73 euros.
Durante o ano 2014 e 2015, estase a abonar a empresa un canon de 2.376.199,55 euros, polo que resulta que se debe a empresa 9.844,09 euros da revisión do ano 2014 e 7.383,06 de 1 de xaneiro ata 30 de setembro de 2015
Por todo o exposto e visto o ditame favorable por maioría, con 6 votos a favor (4 TEGA, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) e 3 abstencións (2 PP e 1 Grupo Mixto) da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas en reunión celebrada o 22/10/2015, o presidente da devandita Comisión propón ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:
PRIMEIRO.- Aprobala revisión de prezos para o ano 2014, revisión, que segundo o informe emitido polo Xefe dos Servizos Externos, unha vez aplicada a fórmula de revisión, ascende a 2.385.148,73.
SEGUNDO.- Aprobar o pago dos atrasos debidos a non aplicación desta revisión no período abranguido entre o 1 de xaneiro de 2014 e 30 de setembro de 2105, que ascenden á cantidade de 17.227,15 euros.
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
TEGA: A favor 10
PP: A favor 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 1 (EU) ; En contra (E.N.E.) 1

8 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE AXUDAS SOCIAIS AO PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe-proposta do servizo de Organizaciòn e RRHH, que textualmente di:"

ANTECEDENTES.-

Presentado pola mesa de negociación municipal regulamento para a xestión das axudas sociais aos funcionarios recollidas nos acordo/convenios reguladoras do persoal funcionario e laboral municipal, éste recibeu o dictame favorable da mesa de negociación conxunta funcionarios e laborais reunida en data 2 de outubro de 2015

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

- *Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), artigo 37*
- *Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia, artigo 153*
- *Acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios do Concello de Narón, (BOP núm. 169 do 20 de xullo de 2009) .*
- *Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Narón, (BOP núm. 100 do 31 de maio de 2010).*

O punto de partida dos fundamento xurídico do Fondo de Acción Social é que resulta unha materia obxecto de negociación colectiva coas representacións sindicais do Concello segundo determinan os artigos 37 do EBEP e 153 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia.

O obxeto da acción social e establecer unha serie de medidas cuxo obxectivo é protexer aos funcionarios públicos fronte a determinados riscos ou situacións de necesidade non previstas polo sistema de Seguridade Social

Con carácter previo, cabo definir as medidas de acción social como aquelas axudas económicas ou complementos que outorga a Administración Pública través da negociación colectiva que, sen estar vinculadas a prestaciones do sistema de Seguridade Social, pretenden outorgar un beneficio aos empregados públicos; perseguíndose co seu pago obxectivos tan diversos como, entre outros, a compensación de certos gastos, o aportar uns ingresos extra ante determinadas necesidades que non poden cubrirse coa correspondente retribución,e protexer situacións de necesidade non previstas polo sistema de Seguridade Social e incluso protexer aos empregados fronte a posibles responsabilidades no exercicio das súas funcións.

No plan de acción social de 1995 aprobado polo Estado e reiterado na Resolución de 28 de julio de 2011, da Secretaría de Estado para a Función Pública, por la que se aproba e publica o Acordo de 27 de jullo de 2011 da mesa de negociacion da Administración xeral do estado , se define a acción social dos empregados públicos como: «el conjunto de actividades encaminadas a la consecución de un sistema general de bienestar social, entendido como un valor social que persigue la disponibilidad, a favor de todos los empleados públicos, de aquellos medios que sean precisos para satisfacer las demandas comúnmente aceptadas como necesidades, siempre que no se encuentren recogidas dentro de los sistemas mutualistas o de Seguridad Social, y teniendo como objetivos fundamentales los principios de igualdad, globalidad y universalidad».

Trátase, tal e como sinalou a doutrina, de beneficios accesorios de natureza non retributiva que teñen como finalidade a satisfacción das necesidades persoais dos empregados públicos. Estas axudas constitúen axudas públicas incluídas dentro da política social das Administracións Públicas cos seus empregados, atopan o seu antecedente no artigo 67.1 da Lei de Funcionarios Civís do Estado, polo que o Estado facilitará aos seus funcionarios adecuada asistencia social, fomentando a construción de vivendas, residencias de verán, instalacións deportivas, institucións educativas, sociais, cooperativas e recreativas e canto contribúa ao mejoramiento do seu nivel de vida, condicións de traballo e formación profesional e social

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Nestes casos, a norma básica é o convenio colectivo do persoal laboral ou o acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios
O feito de que no suposto de Narón, o acordo regulador dos funcionarios e o convenio colectivo de persoal laboral, se expresen en términos idénticos, fai posible a aprobación dun regulamento conxunto con aplicación a ambos colectivos.
Respecto á controversia doctrinal suscitada pola natureza das axudas por xubilación, a funcionaria que suscrebe se remite a sentencia núm. 240/2014, de 29/12/2014 del Tribunal Superior de Justicia de Canarias (sala de lo contencioso-administrativo de Santa Cruz de Tenerife, sección segunda).
de que textulamente dí:… "PRIMERO.- La naturaleza de los premios por jubilación ha sido muy discutida dentro de Ia jurisprudencia. Par una parte, se encuentra Ia línea jurisprudencial según Ia cual tienen naturaleza retributiva, y no están dentro de las materias que pueden ser objeto de negociación por no tener acomoda entre ninguno de los componentes de Ia estructura salarial de los funcionarios (STS 12 de febrero del 2008 y 9 de septiembre del 2010). De otra parte se sitúan las sentencias que consideran estas medidas como asistenciales, que no retribuyen Ia prestación de servicios sino que prestan auxilio a los funcionaros ante determinadas situaciones de necesidad (STS de 28 de julio del 2006, y Ia muy reciente STS de 20 de diciembre del 2013, aunque referida a un supuesto de jubilación voluntaria). Para este grupo de sentencias estas medidas asistenciales pueden ser objeto de negociación colectiva con los funcionarios
Este Tribunal ha dictado varias sentencias en las que sostenía la naturaleza retributiva de los premios de jubilación. No obstante, ***debemos reconsiderar nuestra postura y admitir que se trata de una medida adoptada dentro del campo de Ia acción social, como ayuda ante la pérdida de ingresos que representa tanto Ia jubilación voluntaria coma la forzosa****"*

Polo exposto, a funcionaria que suscrebe, e visto o ditame favorable por maioría, con 8 votos a favor (4 TEGA+2 PP+1 BNG+1 PSdeG-PSOE) e 1 abstención do GRUPO MIXTO, emite o seguinte informe-proposta que presenta á alcaldía-presidencia para a súa elevación ao concello Pleno:
***Aprobar** o regulamento de axudas sociais do Concello de Narón, nos seguintes términos aprobados pola mesa de negociación conxunta de data 2 de outubro de 2015:*
"NORMAS DE XESTIÓN DAS AXUDAS SOCIAIS AO PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN
Capítulo I. Normas xerais
Capítulo II. Subvencións sanitarias
Capítulo III. Subvencións por estudios
Capítulo IV. Subvención por diminuídos físicos e/ou psíquicos
Capítulo V. Subvención por compra de vivenda
Capítulo VI. Anticipos
Capitulo VII. Axudas por xubilación
INTRODUCCIÓN
En desenvolvemento do disposto no acordo regulador das condicións de traballo do persoal municipal ao servizo do Concello de Narón, publicado no BOP núm. 169 do 30-07-09 no convenio colectivo das condicións de traballo do persoal laboral ao servizo do Concello de Narón, aprobado no pleno de cinco de abril de 2010 publicado no BOP núm. 100 de 31-05-2010 , establécense neste documentos as condicións, contías e procedemento para optar ás subvencións, anticipos e primas definidos neste acordo.
CAPÍTULO I. NORMAS XERAIS
1.- Destinatarios/as
Para poder optar a calquera das axudas reguladas neste texto, deberán concorrer con carácter xeral , ademais dos que se sinalan especificamente para cada caso, os seguintes requisitos:

a) Será condición indispensable ser empregado/a en activo do Concello de Narón. En todo caso, as axudas concedidas consonte ao establecido neste regulamento, terán efectos desde a data na que se adquire a condición de empregado/a e ata a data na que a dita condición se perda, sen perxuizo do establecido no apartado seguinte
b) O persoal empregado interino e laboral temporal, terá que acreditar na data da solicitude ter unha antigüidade mínima dun ano ininterrompido no Concello de Narón para ter dereito a calquera destas axudas.
c) O/a empregado/a deberá formalizar a correspondente solicitude na forma e prazos establecidos, achegando a documentación que se determine en cada caso.

2.- Distribución da partida de melloras sociais

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

As subvencións concederanse con cargo ás partidas de acción social, que para o ano 2015 ascenden á contía total de 129.500,,00 € para o persoal empregado e 12.000,00 € para o persoal laboral "fondo de axudas sociais".
Segundo o establecido no acordo regulador, esta contía será actualizada anualmente durante a vixencia do convenio tendo en conta o IPC real e as variacións que sufra o cadro do persoal incluído no seu ámbito de aplicación.

3.- procedemento de concesión das axudas.-

A.Comisión mixta para acción social dos empregados municipais .-
A comisión mixta para acción social é o órgano de representación dos representantes dos empregados municipais e o goberno municipal.
A Comisión Mixta estará composta polos membros da xunta de persoal empregado e representante do persoal laboral, o/a xefe/a de servicio de RRHH e o Concelleiro/a delegado da alcaldía para personal. Con suxeción ás limitacións orzamentarias e de conformidade coa regulación da axuda solicitada, a alcaldía-presidencia, dictará a resolución que proceda, previo dictame da Comisión Mixta.
No suposto de que a alcaldía-presidencia non dictará resolución nos términos do dictame da comisión Mixta, a proposta volverá a informe da mesma coa debida motivación relativa aos cambios
Todos os membros da comisión Mixta, están obrigados a gardar a necesaria confidencialidade en razón aos asuntos a tratar. A información tratada na comisión está sometida a una especial protección , segundo determinan os artigos 7 e 8 da Lei 15/1999 de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal.
En caso de ausencia do Xefe/a de servicio de RRHH e/ou Concelleiro/a delegado de persoal, poderán ser sustituidos polos/as técnicos que prestan servizos en RRHH, no suposto da xefe/a de servizo e polo Alcalde ou Concelleiro delegado do Alcalde para sustituilo no suposto do Concelleiro delegado de persoal.
A xefe/a de servizo de RRHH Actuará como asesor/a e secretario/a da comisión con voz e sin voto.
Actuará como presidente/a o que o sexa da xunta de persoal, e o sustituto/a será calquera membro da xunta de persoal designado para o acto.
Para a celebración válida da comisión, deberán estar presentes a lo menos dous representantes dos empregados municipais; o representante do goberno municipal e o secretario da comisión

3.- Comprobación das solicitudes

A Comisión Mixta para acción social dos empregados municipais, poderá esixir, en calquera momento da tramitación, xustificantes de todos e cada un dos datos declarados polos solicitantes, sempre que non consten ou non se poida comprobar doutro xeito a súa autenticidade.
A Comisión Mixta para acción social dos empregados municipais, poderá estudiar, nunha reunión ordinaria ou extraordinaria, calquera caso execpcional que non estea contemplado neste Regulamento, e elevará á proposta de resolución á alcaldía para a súa aprobación polo órgano que corresponda.

4.- Compatibilidades

As axudas concedidas con cargo á partida de melloras sociais son incompatibles con calquera outra axuda que, polo mesmo concepto, outorguen outras entidades ou organismos públicos ou privados.

5.- Modificacións

Queda reservada á Comisión Mixta a facultade para propoñer a resolución de cantas dúbidas ou omisións puideran xurdir da aplicación práctica desta normativa, así como a competencia para propoñer a introducción de calquera modificación que fose precisa para un mellor desenvolvemento e aplicación, sen alterar no fundamental o sentido exposto neste texto.

6.- Solicitude e Tramitación

O Servizo de Organización e Recursos Humanos abrirá un prazo de presentación das solicitudes das axudas específicas, poñendo a disposición dos solicitantes impresos normalizados para cada unha das axudas.
As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral do concello coa documentación que para cada caso se especifique. Cando a documentación que acompaña á solicitude sexa insuficiente, requiririrase aos/ás interesados/as para que a acheguen nun prazo non superior a 10 días.
O Servizo de Organización e Recursos Humanos será o encargado de realizar tódolos trámites necesarios para resolver as solicitudes de axudas.
As subvencións sanitarias poderanse solicitar desde o mes de xaneiro ao mes de novembro de cada ano.
Os adiantos, excepto os extraordinarios, poderanse solicitar durante todo o ano.
O resto das subvencións terán unha convocatoria anual cun prazo determinado, que será debidamente publicado nos taboleiros de anuncios dos centros de traballo.

7.- Resolución

A concesión das subvencións definidas nesta normativas corresponderá á alcaldía ou concelleiro/a delegado/a por ela con competencias na materia, previo informe da Comisión Mixta a quen se dará conta das resolución unha vez asinadas.
Para resolver a concesión de subvencións sanitarias realizaranse tres resolucións anualmente:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- *No mes de abril resolveranse as solicitudes rexistradas nos meses de xaneiro a marzo dese ano con un límite de 800 € por factura subvencionables; as que correspondan ao ano anterior, terán o tratamento de recoñecemento extraxudicial de crédito con cargo á partida dese ano.*
- *No mes de agosto resolveranse as solicitudes rexistradas nos meses de abril a xullo dese ano con un límite de 800 € subvencionables .*
- *No mes de decembro resolveranse as solicitudes rexistradas nos meses de agosto a novembro dese ano, mais todas aquelas rexistradas anteriormente que superasen a contía de 800 € subvencionables.*
- *No obstante o establecido nos puntos anteriores poderase informar e pagar axudas por importes superiores en calquera mes do ano, si, previo informe da comisión mixta e análise das disposicions orzamentarias, a concesión e abono das axudas non comprometen os créditos necesarios para a cobertura anual do conxunto de axudas sociais*

Para resolver as subvencións de única convocatoria, a alcaldía ou concelleiro/a delegado/a correspondente disporá dun prazo dun mes desde o rexistro da solicitude.

8.- Pagamento

O pagamento das subvencións reguladas neste documento farase efectivo directamente en nómina e excepcionalmente, mediante mandamento de pago ou. O pago por mandamento realizarase nun prazo non superior a trinta días desde a data da resolución, e o pagamento por nómina realizarase na mesma ou posterior nómina ao mes da resolución. De calquera xeito, de conformidade coa lexislación vixente en cada momento respecto a normas de cotización á Seguridade Social e IRPF, o importe das axudas reflectiranse nos recibos de salarios dos/das traballadores/as.

a) actualización dá declaración dá unidade familiar.

A unidade familiar, a efectos dá percepción de axudas de acción social, é a relación de persoas que conviven co persoal en activo do Concello de Narón, incluído non ámbito de aplicación do Acordo sobre condicións de traballo comúns ao persoal empregado e laboral, e que este declara como membros da súa Unidade Familiar.

Para incluír ou modificar os membros incluídos na Declaración da Unidade Familiar do persoal municipal, ou actualizar a súa condición de beneficiarios, deber presentar unha instancia xeral solicitando a modificación oportuna acompañada dá documentación que se indica en cada caso:

Para incluír ao cónyuge, parella de feito, fillos e fillas:

- Fotocopia compulsada do Libro de Familia completo e/ou do justificante do Rexistro de Parellas de feito.

- Fotocopia compulsada dá sentenza de separación ou divorcio. (Cando non Libro de Familia estea incluído ou cónyuge, entenderase que esta situación é a vigente, salvo que se aporte fotocopia compulsada dá sentenza de separación ou divorcio que así ou acredite).

- Non seu caso, fotocopia compulsada dá cualificación de minusvalía igual ou superior ao 33%, en vigor,emitida polo órgano competente.

Para incluír aos fillos e as fillas con idades comprendidas entre 18 e 25 anos:

- Declaración responsable dá convivencia non domicilio familiar e a non obtención de rendas superiores a 8.000 euros. Para incluír a lestes beneficiarios dispoñerase de todo ou mes de xaneiro, xerando os efectos desde ou día 1 de xaneiro. A partir do 1 de febreiro as solicitudes fornecerán efectos desde ou mesmo día dá súa presentación.

Para dar de baixa a un beneficiario deberase aportar solicitude asinada do titular.

As situacións de acollemento e tutela xudicial provisionales deben ser xustificadas cada ano, mediante documento actualizado expedido polo organismo competente que declare que a situación permanece en vigor.

Os traballadores en activo do Concello de Narón poden consultar a relación de beneficiarios incluídos na súa Declaración dá Unidade de Familiar a través do portal do empregado público htpps//:empregados.Narón.es

b) Importe das Axudas .

Ou importe satisfeito en concepto de axuda ou prestación dará lugar as retencións/cotizacións que correspondan segundo a normativa sectorial vixente.

c) ***actuacións fraudulentas.***

Calquera actuación encamiñada á fraudulenta percepción de calquera axuda social conllevará, automáticamente, a perda do dereito a percibir calquera dás axudas a que se refire ou Convenio por un período de cinco anos a contar

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

desde a data dá solicitude fraudulenta, así como a devolución,non seu caso, de impórte os indebidamente recibidos, sen prexuízo dás responsabilidades disciplinarias que procedan.

A perda do dereito a percibir calquera dás axudas sociais se formalizará, previo trámite de audiencia segundo ou artigo 84 dá Lei 30/1992, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico dás Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, mediante Resolución da alcaldia

d) ***difusión e información relativa á acción social***

Para máis información e ante calquera dúbida referente ás axudas de acción social, as persoas interesadas poden dirixirse ao departamento de RRHH, a través de calquera dás seguintes canles:

- *Presencial: RRHH 5 ou 4 planta, de 9 a 14 horas, de luns a venres.*
- *Correo electrónico dirixido a: rrhh@naron.es*

De cada resolución formal, dentro do procedemento de xestión dás axudas, darase traslado, aos efectos dá súa máxima difusión, aos representantes dos traballadores

CAPÍTULO II. SUBVENCIÓNS SANITARIAS

1.- Definición

De conformidade co disposto no acordo regulador o concello subvencionará, con cargo á partida de melloras sociais, as axudas oftalmolóxicas, odontolóxicas, de ortodoncia, así como as próteses dentarias, auditivas, de fonación e ortopédicas prescritas por facultativo, na contía e condicións que se determinan neste capítulo co límite dos importes ou porcentaxes máximos sinalados en cada caso, e trala xustificación con factura.

Poderá excepcionalmente concederse, con cargo a ese concepto, calquera outro tipo de subvención sanitaria cando así o acorde a mesa de negociación, en atención ás especiais circunstancias económicas ou familiares que puidesen concorrer.

2.- Destinatarios

Serán destinatarios das axudas definidas neste capítulo o persoal municipal do Concello de Narón así como os beneficiarios que dependan economicamente del, entendéndose por tales aqueles que non teñan rendas derivadas do traballo por conta allea ou propia superiores ao salario mínimo interprofesional en cómputo anual :

a) Cónxuxe ou parella de feito do/da empregado/a que non perciban ningún tipo de renda derivada do traballo por conta allea ou propia superior ao S.M.I

b) Descendentes ou persoas vinculadas ao empregado/a por razón de tutela ou acollemento coas seguintes características:

- Menores de 26 anos a 31 de decembro do ano no que se solicita a axuda ou de calquera idade cando sexa discapacitado e se acredite na data da factura un grao de minusvalía superior ao 33%.

- Que non teñan rendas derivadas do traballo por conta allea ou propia superiores ao salario mínimo interprofesional en cómputo anual.

- Que sexa descendente común do/a empregado/a e o seu cónxuxe ou parella de feito, descendentes exclusivos do/a empregado/a sempre que convivan con eles, ou descendente exclusivo do seu cónxuxe ou parella de feito cando non conviva co outro proxenitor nin teña a garda e custodia compartida.

3.- Contía das subvencións

Oftalmoloxía

As gafas graduadas e/ou lentes de contacto subvencionaranse ata unha contía máxima anual de 208,48 € por cada destinatario ou beneficiario (incrementada anualmente polo IPC) . En todo caso, deberá achegarse graduación acreditada por profesional optométrico.

Ortodoncia

50% do importe da factura achegada coa solicitude. Xunto coa primeira factura achegarase informe de prescrición facultativa.

Audífonos

100% do importe da factura achegada coa solicitude. É necesario informe de prescrición facultativa dun especialista.

Outras próteses ou menciñas especiais que non estean incluídas no ámbito de cobertura dos servizos de saúde.

Con antelación á execución do tratamento, o/a empregado/a solicitará a súa aprobación ao Servizo de Organización e Recursos Persoais, achegando xunto coa dita solicitude un orzamento do custo e un informe de prescrición realizado por un facultativo especialista e/ou un médico de atención primaria na materia correspondente á clínica que xustifique a prescrición. Unha vez recibida a solicitude, este servizo dará conta á Comisión Mixta na primeira xuntanza que se celebre para os efectos de aprobar ou denegar o seu pagamento e/ou contía aprobada, decisión que será trasladada ao/á empregado/a no prazo máximo de 5 días.

Odontoloxía

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

CONCEPTO	2015

EXPLORACIÓNS ESTOMATOLÓXICAS

Tartrectomía + pulido bicarbonato	63,64
Limpeza bucal completa	109,72
Fluor por arcada	43,89
Radiografías intrabucales	21,95

ODONTOLOXÍA

Exodoncias	0,00
Apiceptomía por peza	142,65
Ferulización peza con composite	63,64
Amalgama simple	57,06
Amalgama composto	63,64
Amalgama reconstrucción	63,64
Composite simple (obtur.estética)	63,64
Composite composto	76,81
Composite reconstrucción	76,81
Reconstrucción con pins	89,98

ENDODONCIAS

Pulpotomía	76,81
Endodoncia unirradicular	109,72
Endodoncia birradicular	131,67
Endodoncia multirradicular	175,57

OCLUSIÓN

Analise oclusal con articulador	76,81
Férulas de descarga periodontal	175,57

PRÓTESES REMOVIBLES

Estructura metálica esquelético	548,64
Completa	427,93

PRÓTESES FIXAS

Ponte provisorio por peza	76,81
Coroa colada en metal noble	318,21
Coroa porcelana	318,21
Quitar coroa ou ponte	76,81
Muñon colado unirradicular	131,67
Muñón colado multirradicular	175,57

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Coroa Richmon	*362,09*

PERIODONCIA

Radioloxía seriada periodontal	*21,95*
Tratamento periodontal	*76,81*
Raspado e curetaxe	*76,81*
Vestibuloplastia	*76,81*
Xinxivectomía	*109,72*

ESTÉTICA BUCAL

Coroa jacket acrílico	*76,81*
Coroa jacket porcelana	*318,21*
Carilla composite	*109,72*

COMPOSTURAS

Compostura simple de resina	*54,86*
Engadido por peza	*32,93*
Engadido retenedor	*32,93*
Reforzo metálico	*32,93*
Rebase	*76,81*

IMPLANTES

Con autorización previa	*Ata 50%*

ORTODONCIA (1)

Aparellos e tratamentos	*Ata 50%*

AUDÍFINOS (2)

Con prescipción facultativa	*100%*

OFTALMOLOXÍA (3)

Contía anual por persoa	*208,48*

Cando existan múltiples contías polo mesmo concepto (ex: endodoncias, muñón colado...) e non veña especificado na factura cal corresponde, pagarase o de menor contía.

(1) Precisa informe de prescripción facultativa coa 1ª factura.
(2) Precisa informe de prescripción facultativa.
(3) Precisa informe de graduación acreditado por profesional optométrico.

4.- Documentación precisa

Coas solicitudes achegarase a seguinte documentación:

- *Factura orixinal a nome do destinatario (empregado/a ou beneficiario/a)*
- *Documento de prescrición facultativa no seu caso.*
- *Fotocopia do libro de familia cando a solicitude se refire ao cónxuxe ou descendentes ou persoas vinculadas ao/á empregado/a por razón de tutela ou acollemento.*
- *Fotocopia do documento de inclusión nun rexistro de parellas de feito de ser o caso.*

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- *Declaración xurada do nivel de rendas dos beneficiarios de conformidade co establecido no apartado de destinatarios, no seu caso.*
- *Cando se trate de descendentes exclusivos do cónxuxe ou parella de feito do/da empregado/a, certificado de convivencia e copia do documento no que conste o réxime de garda e custodia.*
- *No suposto de que a documentación que debe acompañara á solicitude xa conste no departamento de RRHH debidamente actualizada, a solicitude fará referencia a este feito e non será preciso aportala novamente*

CAPÍTULO III. SUBVENCIÓNS POR ESTUDIOS

1.- Definición

O concello subvencionará, por ano escolar adiantado, os gastos derivados dos estudios oficiais homologados polo Ministerio de Educación e Ciencia que realice o persoal ao seu servizo que teña a condición de persoal laboral en activo e os seus beneficiarios, nos niveis de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, FP específica de grao medio, FP específica de grao superior, acceso á universidade, ensino universitario e outros estudios oficiais (escolas de idiomas, masters, postgraos etc...), clasificados do seguinte xeito:

a) Estudos non universitarios: abranguen tódolos estudios desde Educación Infantil a calquera dos estudios que permitan o acceso ao ensino universitario (Bacharelato, Ciclo específico superior de FP ou acceso á universidade.

b) Estudos universitarios ata 3º ciclo: abranguen o ensino universitario de 1º ciclo ou diplomaturas, ensino universitario de 1º e 2º ciclo ou licenciaturas, grados e ensino universitario de 3º ciclo ou doutorados.

c) Outros estudios oficiais: abranguen tódolos restantes estudios, impartidos tanto por escolas técnicas como universitarias, destinadas á formación complementaria dos estudiantes, tales como escola de idiomas, masters, estudios de postgrao, etc. Quedan excluídas en todo caso calquera axuda para probas de capacitación (FIR, CAP, MIR etc...).

Establécese dous conceptos de axuda:

1.- axuda por estudios: subvencionarase por cada empregado municipal ou beneficiario seu e serán de carácter fixo, acordes co nivel para o que se solicite a axuda.

2.- axuda por matrícula: nos niveis nos que así se estableza, e serán con carácter xeral do 100% para o persoal empregado e do 50% para os seus beneficiarios, cos límites que se sinalan no apartado de contía da subvención.

Cando o ensino se realice en institucións privadas, a axuda por matrícula axustarase ás contías sinaladas para os mesmos ensinos en institucións públicas e, se non existira, a aquela mais afín.

Cando por un mesmo alumno se solicite axuda por dous estudios diferentes no mesmo curso académico, valoraranse ámbalas dúas e se resolverá o pagamento da máis favorable economicamente.

2.- Destinatarios

Serán destinatarios das axudas definidas neste capítulo o persoal empregado do Concello de Narón así como os beneficiarios que dependan economicamente del, segundo se recolle no Capítulo II(subvencións sanitarias)

En calquera caso, ao persoal empregado se lle concederán axudas para aqueles estudios universitarios relacionados coa función pública e/ou axuden ao desenvolvemento da súa carreira administrativa persoal. Os restantes estudios serán valorados pola comisión mixta ao final de ano en función das dispoñibilidades orzamentarias

3.- Contía da subvención por estudios

a) Estudos non universitarios: estas axudas serán únicas por cada curso académico, podéndose solicitar ata dous anos máis no ciclo de Educación Primaria, dous anos mais en ESO, dous anos máis en Bacharelato e dous anos máis por Ciclo específico medio ou superior de FP". Valoraranse polo comisión mixta os supostos de estudiantes con necesidades especiais

AXUDAS DE ESTUDIOS 2014/215				
EDUCACIÓN INFANTIL	***1º CICLO***	***1º***	*109,72 €*	
		2º	*109,72 €*	
		3º	*109,72 €*	
	2º CICLO	***4º***	*109,72 €*	
		5º	*109,72 €*	
		6º	*109,72 €*	

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

FOLIO _____

EDUCACIÓN IPRIMARIA	1º CICLO	1º	186,54 €	
		2º	186,54 €	
	2º CICLO	3º	186,54 €	
		4º	186,54 €	
	3º CICLO	5º	186,54 €	
		6º	186,54 €	
ESO	1º CICLO	1º	301,75 €	
		2º	301,75 €	
	2º CICLO	3º	301,75 €	
		4º	301,75 €	
BACHARELATO		1º	395,02 €	
		2º	395,02 €	
CICLOS FORMATIVOS MEDIO OU SUPERIOR		1º	395,02 €	
		2º	395,02 €	
ACCESO UNIVERSIDADE		empregado	395,02 €	100%
		beneficiario	395,02 €	50%
1º CICLO/DIPLOMATURAS 2 matrículas		empregado	8,23 €/crédito	100%
		beneficiario	8,23 €/crédito	50%
1º E 2º CICLO/LICENCIATURAS E GRAOS 3 matrículas		empregado	8,23 €/crédito	100%
		beneficiario	8,23 €/crédito	50%
3º CICLO/DOUTORAMENTOS 1 matrícula		empregado	8,23 €/crédito	100%
		beneficiario	8,23 €/crédito	50%
ESCOLA DE IDIOMAS E SIMILARES		empregado	301,75 €	100%

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

ESTUDIOS	***beneficiario***	*301,75 €*	*50%*
MASTERS, POSGRAOS	***1º***	*301,75 €*	*MÁXIMO 1645,91€*
E SIMILARES	***2º***	*301,75 €*	*MÁXIMO 1645,91 €*

As axudas por libros serán por un máximo de dous anos máis aos da duración dos estudios de primaria e ESO, e dous anos máis en bacharelato, ciclos ou outros estudios.
As axudas por matrícula serán por un máximo de dous anos máis aos da duración da licenciatura, diplomatura ou grado; as axudas por libros serán pola duración da carreira elixida.
As axudas para universidades privadas axustaranse á carreira en universidade pública, e se non existise na universidade pública, a aquela máis afín.
Cando unha mesma persoa esté matriculada en varios estudios, concederáselle a axuda de maior importe das presentadas
Cando un estudante cambie de carreira universitaria, poderá solicitar a axuda pola diferenza de créditos dos que xa se lle subvencionaran da carreira abandonada e os da nova carreira elexida

4.-Documentación precisa

Xunto coa solicitude achegarase:

- *Certificación expedida polo centro docente que acredite o nome do alumno, a formalización da matrícula e o curso académico e, cando exista custo por matrícula, xustificante dos gastos realizados por este concepto.*
- *Fotocopia do libro de familia cando a solicitude se refire ao cónxuxe ou descendentes ou persoas vinculadas ao/á empregado/a por razón de tutela ou acollemento.*
- *Fotocopia do documento de inclusión nun rexistro de parellas de feito cando se trate do convivinte.*
- *Declaración xurada de acreditación de rendas dos beneficiarios de conformidade co establecido no apartado de destinatarios, no seu caso.*
- *Cando se trate de descendentes exclusivos do cónxuxe ou parella de feito do/da empregado/a, certificado de convivencia e copia do documento no que conste o réxime de garda e custodia.*

No suposto de que a documentación que debe acompañara á solicitude xa conste no departamento de RRHH debidamente actualizada, a solicitude fará referencia a este feito e non será preciso aportala novamente

CAPÍTULO IV. SUBVENCIÓNS POR DIMINUÍDOS FÍSICOS E/OU PSÍQUICOS

1.- Definición

O Concello de Narón subvencionará ao persoal empregado que teña ao seu cargo beneficiarios con diminución física, psíquica e/ou sensorial, entendendo por beneficiarios os mesmos que se sinalan nos capítulos II e III anteriores.

2.- Beneficiarios

En todo caso, para ter dereito a esta axuda o diminuído deberá:

- *Ter recoñecida a condición de minusvalía ou dependencia polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO), ou organismo ao que competa no seu momento.*
- *Necesitar, segundo informe facultativo, un tratamento ou atención especial continuado e permanente.*
- *Non percibir ningunha prestación doutro organismo ou renda derivada do traballo por conta allea ou propia, contributiva ou non.*

3.- Contía das subvencións

A subvención consistirá nunha contía fixa de 190,00 € mensuais por cada diminuído físico ou psíquico, e pagarase con referencia ao mes natural vencido.

4.- Tramitación

As solicitudes iniciais ou de prórroga deberán realizarse no mes de novembro e decembro de cada ano, e producirán efectos económicos desde o mes de xaneiro do ano no que se formulen ou, en calquera caso, desde o mes no que se produza a minusvalía alegada.
Xunto coas solicitudes deberá achegarse a seguinte documentación:

- *Fotocopia compulsada do libro de familia.*
- *Certificado de convivencia.*
- *Fotocopia do documento que acredite*
- *Fotocopia do documento de inclusión nun rexistro de parellas de feito cando se trate do convivinte.*
- *Certificado de minusvalía expedida polo IMSERSO ou organismo competente.*
- *Informe do facultativo que acredite a necesidade de atención especial de carácter continuado e permanente.*
- *Declaración xurada de acreditación de rendas dos beneficiarios de conformidade co establecido no apartado de beneficiarios.*

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- *Cando se trate de descendentes exclusivos do cónxuxe ou parella de feito do/da empregado/a, certificado de convivencia e copia do documento no que conste o réxime de garda e custodia.*

No suposto de que a documentación que debe acompañara á solicitude xa conste no departamento de RRHH debidamente actualizada, a solicitude fará referencia a este feito e non será preciso aportala novamente

5.- Pagamento

A subvención, incluídos os atrasos, farase efectiva na nómina mensual do solicitante.

CAPÍTULO V. SUBVENCIÓNS POR COMPRA DE VIVENDA

1.- Destinatarios

O Concello de Narón subvencionará unha única vez a compra, promoción ou rehabilitación integral de primeira vivenda que constitúa ou vaia constituír a residencia habitual e permanente do persoal empregado, sempre que se cumplan as seguintes condicións:

- *Que o/a empregado/a sexa titular da vivenda adquirida mediante compra, adxudicación ou promoción propia.*
- *Que non se teña beneficiado en convocatorias anteriores dunha subvención superior a 1200,00 €.*

2.- Contía da subvención

A subvención consistirá nunha contía de 1200,00 €.

3.- Tramitación

Xunto coa solicitude achegarase:

- *Escritura pública ou xustificación documental acreditativa da adquisición da vivenda.*
- *Xustificación documental de que a vivenda para a que se solicita a axuda constitúe ou vai constituír o domicilio habitual e permanente do solicitante, por medio de certificados de residencia ou empadroamento, recibos de servizos públicos ou calquera outro referido ao uso da vivenda. Para merca de vivenda en construcción ou promoción propia, a xustificación achegarase en canto o/a empregado/a dispoña da documentación sen necesidade de requirimento ningún da empresa.*
- *Última declaración da renda presentada.*
- *Declaración xurada de que o destinatario non é propietario de ningunha outra vivenda.*
- *Licenza de primeira ocupación ou, para promoción propia, licenza de obras coa condición de achegar a de primeira ocupación ao remtate da construcción .*

4.- Resolución

A contía total da partida anual dedicada a subvencións por merca de vivenda dividirase entre o número de destinatarios aos que se lles conceda a axuda en cada convocatoria. Os solicitantes que en convocatorias anteriores non tiveran acadado a contía total de 1200,00 € poderán renovar anualmente a solicitude de axuda nos prazos establecidos ata sumar entre eles o total da axuda, sen necesidade de achegar novamente a documentación sinalada no apartado 3.

CAPÍTULO VI. ANTICIPOS

1.- Definición

De acordo co establecido no acordo regulador das condicións de traballo do persoal empregado ao servizo do Concello de Narón, concederanse anticipos ao persoal empregado en activo sobre as súas retribucións reintegrables sen ningún tipo de xuro.

Para a súa aprobación será necesario que o/a empregado/a, na data da solicitude, non teña pendente de reintegro contía algunha polo mesmo concepto dos tres tipos que recolle o apartado 3.

A devolución de calquera dos anticipos recollidos neste capítulo realizarase con anterioridade a que o/a empregado/a deixe de prestar servizo no concello por calquera causa (pase á situación de pensionista, cese voluntario, excedencia, falecemento etc...).

2.- Destinatarios

Serán destinatarios das axudas o persoal municipal en activo do Concello de Narón.

3.- Clases de anticipos

a) *<u>Sobre a mensualidade devengada</u>: o persoal empregado poderá solicitar por este concepto ata o 90% das súas retribucións mensuais brutas, co límite das retribucións líquidas calculadas para o traballador no mes da solicitude tralo desconto de tódolos conceptos obxecto de retención (seguridade social, IRPF. adiantos ordinarios e extraordinarios, cotas sindicais, embargos xudiciais, ...).*
b) *<u>Anticipos ordinarios</u>: poderanse solicitar o importe das súas retribucións básicas líquidas de dúas mensualidades, que se reintegrarán sen xuros no prazo máximo de 18 meses.*
c) *<u>Adiantos extraordinarios</u>: o concello concederá ao persoal empregado anticipos reintegrables sen ningún tipo de xuro ata unha contía de 4500,00 €, reintegrables nun prazo máximo de 36 mensualidades, como consecuencia das necesidades derivadas da merca ou mellora da vivenda propia e gastos de enfermidade, entendéndose por tales:*

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- *Os destinados á compra de vivenda que sirva ou vaia constituír a residencia única e habitual do peticionario.*
- *Os destinados a obras de rehabilitación, ampliación ou mellora de vivenda que reúna os requisitos do parágrafo anterior.*
- *Os destinados á merca de mobiliario para o primeiro establecemento da vivenda que se vai ocupar.*
- *Os gastos derivados da enfermidade dos destinatarios e/ou os seus beneficiarios, entendéndose por beneficiarios os recollidos no apartado de subvencións sanitarias.*

As circunstancias recollidas no apartado anterior deberanse acreditar consonte se determina no anexo sobre anticipos.

A Comisión Mixta será a encargada de informar estas solicitudes.

Normas sobre adiantos extraordinarios

As presentes normas, teñen por obxecto darlle obxectividade e proporcionalidade á cantidade destinada ás subvencións e anticipos destinados á adquisición ou mellora da vivenda propia ou gastos derivados de enfermidade. Estas normas foron debatidas e aprobadas pola Xunta de Persoal en data 22/09/09 co fin de garantir o reparto da cantidade destinada para tal fin dun xeito xusto e proporcional. Con este propósito se tiveron en conta o destino para o que se solicita o anticipo, como a situación administrativa de cada un dos solicitantes.

1.- O concello concederá anticipos reintegrables sen ningún tipo de xuro para a adquisición ou mellora de vivenda propia, entendéndose como tal:

a) Anticipo destinado á merca de vivenda que sirva ou vaia servir de residencia única e habitual do solicitante.
b) Anticipo destinado a obras de rehabilitación e mellora da vivenda que reuna os requisitos do punto anterior.
c) Gastos derivados de enfirmidade do empregado ou familiar ao seu cargo

1.2. O reparto do crédito total da partida no suposto de non alcanzar para todas as solicitudes, se producirá do seguinte xeito: en primer lugar se computará o crédito necesario para as solicitudes establecidas no suposto c,(gastos de enfermidade).A cantidade restante se repartirá : o setenta e cinco por cento (75%) para os anticipos do apartado a) e o restante vintecinco por cento (25%) para os anticipos do apartado b). No caso de non haber solicitudes para algún dos apartados anteriores, ou que estas non cubran o total da cantidade destinada para ese concepto, o sobrante será absorbido polo outro apartado.

1.2.a).- A cantidade destinada para o punto a dividirase proporcionalmente segundo os ingresos de cada un dos solicitantes e atendendo ó seguinte baremo:

- *Empregados do grupo agrupacións profesionais (antiguo E): terán dereito ao 100% da cantidade solicitada.*
- *Empregados do grupo C2: terán dereito ao 90% da cantidade solicitada.*
- *Empregados do grupo C1: terán dereito ao 80% da cantidade solicitada.*
- *Empregados do grupo A2: terán dereito ao 70% da cantidade solicitada.*
- *Empregados do grupo A1: terán dereito ao 60% da cantidade solicitada.*

1.3. Cando a cantidade solicitada no total de solicitudes non supere a partida destinada para este fin, a subvención repartirase de acordo co solicitado en cada unha delas.

<u>Cando por mor de ser moitas as solicitudes de anticipos extraordinarios, os tanto por cento iríanse reducindo a cada un dos grupos ata chegar a unha proporción axeitada á cantidade destinada para este fin.</u>

2.- As solicitudes de anticipos extraordinarios deberán acompañar a seguinte documentación:

Para as solicitudes de anticipos relativos ao punto a):

a)Declaración na que se faga constar que o solicitante non é propietario de ningunha outra vivenda.
b)Contrato de compra–venta ou escritura de propiedade da vivenda que se adquire.

Para as solicitudes de anticipos relativos ao punto b):

a)Presupostos formais das obras que se queren realizar, achegando, dentro do ano seguinte como máximo a factura por ditas obras.
b)Escrituras de propiedade da vivenda donde se queren realizar as obras de mellora.
c)Declaración na que se faga constar que o solicitante non é propietario de ningunha outra vivenda.

Para as solicitudes do punto c)

- *Declaración responsable do empregado relativa ao padecemento da enfermidade por el ou familiar beneficiario*
- *facturas ou orzamentos de gastos derivados da mesma asumidos ou por asumir, polo empregado municipal e non cubertos pola seguridade social.*

4.- Tramitación

Poderán solicitarse anticipos sobre a nómina durante todo o ano, excepto os adiantos extraordinarios.

Os anticipos faranse efectivos:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

a) *Sobre a mensualidade devengada: por mandamento de pago no prazo de cinco días hábiles que se contarán desde a data da solicitude. O importe adiantado se descontará na seguinte nómina*

d) *Anticipos ordinarios: pagarase mediante mandamento de pago no prazo de 5 días dende a súa solicitude . Se reintegrarán sen xuros no prazo máximo de 18 meses.*

e) *Adiantos extraordinarios: o Servizo de Organización e Recursos Humanos aprobará e publicará nos taboleiros de anuncios do concello a convocatoria para que, os/as traballadores/as con dereito a eles podan achegar as súas solicitudes. que se reintegrarán sen xuros no prazo máximo de 36 meses.*

A dita convocatoria fará constar: os traballadores con dereito á solicitude, os prazos para a súa presentación, así como os documentos que en cada suposto o/a traballador/a achegará xunto coa solicitude.

Rematado o prazo de presentación das solicitudes, a sección de Recursos Humanos dará conta das solicitudes na primeira xuntanza que se celebre cos representantes dos traballadores que correspondan para os efectos de aprobar ou denegar o seu pagamento e/ou a contía aprobada.

Os adiantos aprobados pagaranse por mandamento de pago no prazo de 5 días hábiles que se contarán desde a data da resolución.

CAPITULO V-AXUDAS Á XUBILACION

Dentro dos criterios establecidos nos acordos reguladores/convenios colectivos precedentes, regúlase a seguinte axuda:

1. Obxecto da axuda.

Consistirá no abono dunha axuda económica, dirixida a compensar, en parte, a redución da renda do empregado polo acceso á xubilación derivada da perda de retribuciones

2. Destinatarios da axuda.

Os empregados públicos do Concello de Narón que reunan os requisitos para pase a situación de xubilación incluídos no ámbito de aplicación do Acordo sobre condicións de traballo comúns ao persoal empregado e laboral do Concello de Narón para o periodo de vixencia do presente reglamento

3. Cuantía da axuda.

Determínase unha cantidade máxima de 15.000 €, xustificada pola perda de poder adquisitivo e a necesaria adaptación ás novas condicións económicas do empregado e da súa familia.

Anualmente o servizo de Organización e recursos humanos, fará unha estimación de xubilacións en función das bases de datos do persoal municipal para establecer a previsión e reserva do fondo social anual. No caso de que o fondo social non fose suficiente para cubrir as previsións de axudas, como norma xeral se abonarán os pendentes de pago con cargo ao fondo social do ano inmediatamente seguinte, durante o mes de xaneiro.

4. Requisitos.

a) Ser empregado de carreira ou contratado laboral fixo do cadro de persoal do Concello.

b) Estar en situación de servizo activo non momento de solicitar ou pase á xubilación.

c) Non estar inmerso en causa de expediente disciplinario ou pendente de cumprimento dunha sanción.

d)Cumprir vos requisitos legais previstos para ter dereito á xubilación

5. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes dá axuda deberá presentarse con, polo menos, un mes antes e como máximo un mes despois dá data prevista para a xubilación. De non solicitarse neste prazo considerarase que renuncia a este dereito.

As cantidades acordadas como axuda á xubilación estarán condicionadas á efectiva baixa non cadro de persoal e resolveranse por decreto de Alcaldía, facéndose efectivas por medio de orde de pagamento.

No suposto de declaración de incapacidade permanente total cando o empregado solicite e obteña un posto de segunda actividade na organización municipal, non procederá a concesión da presente axuda.

6. Documentación que debe acompañarse.

Para solicitar a axuda:

- Solicitude de xubilación e certificado da seguridade social, no seu caso.

. Copia compulsada de resolución de INSS ou administración pública relativa declaración de incapacidade permanente ou xubilación do empregado.

7. Forma e lugar de presentación de solicitudes.

As solicitudes presentaranse nos impresos de axudas normalizados emitidos polo Concello, cumprimentaranse todos os seus extremos e acompañaranse obligatoriamente da documentación que se indica no apartado anterior, a través da Oficina do Rexistro , ou a través de calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

8. Procedemento.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Reunida a Comisión Mixta, e informadas polo departamento de RRHH as solicitudes presentadas, aquelas que non cumplan os requisitos, serán denegadas. As solicitudes válidamente presentadas resolveranse no prazo dun mes e en todo caso antes do 1 de xaneiro do exercicio seguinte á súa solicitude, e serán abonadas nese mesmo mes.os efectos económicos se devengarán desde o pase á situación de xubilación "

Esta alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei, e visto o dictame favorable da mesa de negociación conxunta de data 2 de outubro de 2015, propón ao Concello Pleno o seguiente acordo:

Primeiro: Aprobar o regulamento de axudas sociais do Concello de Narón nos términos establecidos na parte expositiva.

Segundo: exponer ao publico o presente acordo aos efectos do establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

9 º.- PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN NO REGULAMENTO QUE ESTABLECE OS CRITERIOS XERAIS DE PRODUCTIVIDADE DO CONCELLO DE NARÓN APROBADO POLO CONCELLO PLENO O 19-06-15.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta do servizo de organización e RRHH que transcrito di:"**INFORME-PROPOSTA DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E RR.HH.-**O concello Pleno de dazanove de xuño de 2015 aprobou o regulamento que establece os criterios xerais de Productividade do Concello de Narón.No citado regulamento, non se contempla o apartado 4.13 establecido no acordo/convenio regulador de funcionarios e p.laboral respectivamente que textualmente dí: " 4.13- *Incrementarase a produtividade na contía de 75 € mensuais para aqueles/as traballadores/as aos que lles falten tres anos ou menos para cumprir a idade regulamentaria de xubilación, para retribuírlles a actividade extraordinaria consistente na formación do persoal que deba substituílos*" ,e que ainda que a súa ubicación no acordo e convenio, se establece no apartado de acción social, claramente está a definir unha retribución por productividade

NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, artigo 24.c).*
- *Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, que aproba o Réxime de retribucións dos funcionarios/as da Administración Local, artigo 5.*
- *Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia, artigo 136.c).*
- *Real Decreto de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucions dos funcionarios de Administración Local*
- *Regulamento da Relación de Postos de Traballo do Concello de Narón, acordo do Pleno de data 28 de xaneiro de 2011 (BOP 28 de febreiro de 2011), art.85*
- *Acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios do Concello de Narón, (BOP núm. 169 do 20 de xullo de 2009) .*
- *Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Narón, (BOP núm. 100 do 31 de maio de 2010).*
-

INFORME.-Se reitera o informado con ocasión da aprobación dos criterios xerais de productividade:

Os criterios xerais do complemento de produtividade, atenden aos principios recollidos no artigo 24 c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 5 do

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, que aproba o Réxime de retribucións dos funcionarios/as da Administración Local.

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego público de Galicia, establece no seu artigo 136.c) un complemento ao desempeño, chamado a substituír ao actual complemento de produtividade, cuxa natureza é esencialmente idéntica. Non obstante, estando pendente o seu desenvolvemento regulamentario, os criterios que se definen a continuación axustan o seu contido ao actual complemento de produtividade.

Os seguintes criterios aplícanse ao persoal funcionario, de carreira e interino, persoal eventual e persoal laboral fixo ou temporal ao servizo do Concello de Narón, con independencia de que pertenzan á Administración Xeral ou Especial, así coma a Área á que, xerárquica e funcionalmente se atopase adscrito.

O complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o empregado desempeña o seu traballo, e a súa apreciación realizarase en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo.

Así, este complemento de produtividade se perfila como un elemento retributivo motivador, encamiñado a fomentar a implicación do persoal empregado no funcionamento do Concello.

En ningún caso, as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo, orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada empregado por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais empregados da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ao Pleno de cada Corporación determinar no orzamento xeral, a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade ao persoal, dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2 b), do Real Decreto 861/1986, a través da partida 03/92000/15000 dos orzamentos xerais de cada ano.

Corresponde ao alcalde ou ao presidente da Corporación a distribución da dita contía entre os diferentes programas ou áreas, e a asignación individual do complemento de produtividade, conforme aos criterios que se determinan a continuación, e que deberán ser aprobados polo Pleno tralo informe da mesa de negociación, sen prexuízo das delegacións que poda conferir conforme ao establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril.
O límite da contía global do complemento de produtividade virá determinado por canto establece o artigo 7 do Real Decreto 861/1986 e, en ningún caso, poderá superar a porcentaxe establecida na letra b) do apartado 2 do mencionado artigo.

Tendo en conta que a natureza do apartado 4.13 indicado anteriormente e establecido nos acordo/convenio reguladores, encadrase dentro dos criterios a retribuir por productividade, a funcionaria que suscrebe emite o seguinte informe-proposta a alcaldía-presidencia para a súa elevación ao Concello Pleno

1) *Modificar o regulamento que establece os criterios xerais de Productividade do Concello de Narón aprobado polo Concello Pleno de 25 de xuño no seguinte xeito: no apartado de criterio de progresión en carreira, onde dí: Se establece o criterio de progresión na carreira, en función do acordo regulador/convenio das condicións de traballo dos empregados públicos municipais, e que se reproduce nos artigos 7.19 ;7.21 respectivamente dos citados acordos; modificar por : "Se establece o criterio de progresión na carreira, en función do acordo regulador/convenio das condicións*

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

de traballo dos empregados públicos municipais, e que se reproduce nos artigos 7.19 ;7.21 e 4.13 respectivamente dos citados acordos".

2) *Notificar o presente acordo ao representantes dos traballadores*

Visto o informe favorable da mesa de negociación conxunta do Concello de Narón, de data 2 de outubro de 2015, e visto o ditame favorable, por unanimidade da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 22-10-15, esta alcaldía-presidencia, propón a ese Concello Pleno o seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Modificar o regulamento que establece os criterios xerais de Productividade do Concello de Narón aprobado polo Concello Pleno de 25 de xuño no seguinte xeito: no apartado de criterio de progresión en carreira, onde dí: Se establece o criterio de progresión na carreira, en función do acordo regulador/convenio das condicións de traballo dos empregados públicos municipais, e que se reproduce nos artigos 7.19 ;7.21 respectivamente dos citados acordos; modificar por : "Se establece o criterio de progresión na carreira, en función do acordo regulador/convenio das condicións de traballo dos empregados públicos municipais, e que se reproduce nos artigos 7.19 ;7.21 e 4.13 respectivamente dos citados acordos"

SEGUNDO.-Notificar o presente acordo ao representantes dos traballadores

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

10 º.- PROPOSTA DE SEGUNDA APROBACIÓN DE BONIFICACIÓN DAS TAXAS MUNICIPAIS DE REDE DE SUMIDOIROS, SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE E RECOLLIDA DE REFUGALLOS SÓLIDOS URBANOS CORRESPONDENTES AO ANO 2015.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 18 de setembro de 2015 emitiu o seguinte informe que textualmente di así:

" Asunto: *Segunda aprobación da bonificación das taxas municipais da rede de sumidoiros, subministración de auga potable e recollida de refugallos sólidos urbanos correspondentes ao ano 2015.*

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que subscribe, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe;

ANTECEDENTES

O Servizo Sociocomunitario Municipal do Concello de Narón desenvolve o programa de bonificación das taxas municipais da rede de sumidoiros, subministración de auga potable e recollida de refugallos sólidos urbanos, que contempla a aplicación de tarifas reducidas cando os suxeitos pasivos acrediten escasa capacidade económica, así como para solicitar a bonificación para todo o ano (do 2 ao 31 de xaneiro).

O programa de bonificación das taxas municipais de rede de sumidoiros, subministración de auga potable e recollida de refugallos sólidos urbanos ven regulado no Regulamento de Axudas Económicas do Concello de Narón e nas Ordenanzas Fiscais Reguladoras 8, 9 e 10.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- *Ordenanza fiscal nº8 reguladora da taxa da rede de sumidoiros.*
- *Ordenanza fiscal nº9 reguladora da taxa por subministración de auga potable.*
- *Ordenanza fiscal nº10 reguladora da taxa por recollida de refugallos sólidos urbanos.*
- *Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do Concello de Narón.*

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Por todo o exposto, e visto o ditame favorable, por unanimidade da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 22-10-15, o seu presidente, propón ao Concello Pleno o seguinte acordo:

Vistas as solicitudes formuladas para a bonificación das taxas municipais da rede de sumidoiros, subministración de auga potable e recollida de refugallos sólidos urbanos, e visto o reflectido nas ordenanzas fiscais e de acordo coa documentación presentada e contrastada, proponse a súa aceptación oi rexeitamento polas causas sinaladas na proposta.

Logo de ver dito informe, intervido e conforme favorablemente con data 24 de setembro de 2015, o presidente da Comisión propón ao Concello Pleno a aprobación do antedito.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

11 º.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DE VARIOS RECURSOS PRESENTADOS CONTRA O ACORDO DO CONCELLO PLENO DE 30/07/15 PARA A BONIFICACIÓN DAS TAXAS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE E RECOLLIDA DE REFUGALLOS SÓLIDOS URBANOS.. A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal emitiu informes propoñendo a desestimación de varios recursos presentados en relación co acordo plenario do 30 de xulo de 2015.

Logo de ver ditos informes, con toma de razón favorable de intervención e visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 22-10-15, o Alcalde propón ao Concello Pleno a aprobación do antedito.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

12 º.- PROPOSTA DE ESTIMACIÓN DO RECURSO PRESENTADO CONTRA O ACORDO DO CONCELLO PLENO DE 30/07/2015 PARA A BONIFICACIÓN DAS TAXAS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE E RECOLLIDA DE REFUGALLOS.. –

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal emitiu informe propoñendo a estimación dun recurso presentado en relación co acordo plenario do 30 de xulo de 2015.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

13 º.- PROPOSTA DE BONIFICACIÓN DAS TAXAS MUNICIPAIS DA REDE DE SUMIDOIROS, SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE E RECOLLIDA DE REFUGALLOS SÓLIDOS URBANOS CORRESPONDENTES AO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2015.. - A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal con data 13 de outubro emitiu o seguinte informe que textualmente di así:

"Asunto: Aprobación da Bonificación das taxas municipais da rede de sumidoiros, subministración de auga potable e recollida de refugallos sólidos urbanos correspondentes ao segundos semestre do ano 2015.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal que subscribe, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

O Servizo Sociocomunitario Municipal de Narón desenvolve o programa de bonificación das taxas municipais da rede de sumidoiros, subministración de auga potable e recollida de refugallos

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

sólidos urbanos, que contempla a aplicación de tarifas reducidas cando os suxeitos pasivos acrediten escasa capacidade económica, así como para solicitar a bonificación para o segundo semestre do ano (do 1 ao 15 de xullo).
O programa de bonificación das taxas municipais de rede de sumidoiros, subministración de auga potable e recollida de refugallos sólidos urbanos ven regulado no Regulamento de Axudas económicas do Concello de Narón e nas Ordenanzas Fiscais Reguladoras 8, 9 e 10.
FUNDAMENTOS XURÍDOS

- *Ordenanza fiscal nº8 reguladora da taxa de rede de sumidoiros.*
- *Ordenanza fiscal nº9 reguladora da taxa por subministración de auga potable,*
- *Ordenanza fiscal nº10 reguladora da taxa por recollida de refugallos sólidos urbanos.*
- *Regulamento de axudas financeiros para a atención de necesidades sociais básicas do Concello de Narón.*

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, propón á CONCELLEIRA DELEGADA DE ACCIÓN SOCIAL que eleve a proposta á Comisión informativa de contratación, persoal e especial de contas o seguinte acordo:
Vistas as solicitudes formuladas para a bonificación das taxas municipais da rede de sumidoiros, subministración de auga potable e recollida de refugallos sólidos urbanos, e visto o reflectido nas ordenanzas fiscais e de acordo coa documentación presentada e contrastada, proponse a súa aceptación oi rexeitamento polas causas sinaladas na proposta.

Logo de ver dito informe, con toma de razón de intervención o 14 de outubro de 2015, e visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas en data 22-10-15, o seu presidente propón ao Concello Pleno, o antedito.
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

14 º.- PROPOSTA SOBRE AUTORIZACIÓN Á ALCALDÍA-PRESIDENCIA PARA A SOLICITUDE DE AXUDAS NO PROGRAMA RED.ES XUNTO CO CONCELLO DE FERROL.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Con data un de agosto de 2015, o boletín oficial do Estado núm. 183, publica a resolución de 31 de xullo de 2015, da Entidade Pública Empresarial Redes, pola que se establecen as bases e se convocan axudas para o desenvolvemento do programa de cidades intelixentes da Axenda Dixital para España.
As axudas convocadas, están dentro das líneas de actuación dos Concellos de Ferrol e Narón, resultando de especial interés participar nesta convocatoria.
As bases establecen determinadas fórmulas e requisitos de participación que requiren actuacións por parte desta Alcaldía, polo que visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces de data 26-10-15 proponse ao Concello Pleno a adopción dos acordos seguintes:
PRIMEIRO-Aprobar a participación do Concello de Narón en colaboración co Concello de Ferrol, na convocatoria de axudas para o desenvolvemento do Programa de Cidades Intelixentes da Axenda Dixital de España convocadas por Resolución de data 31 de xullo de 2015 da Entidade Pública Empresarial Redes
SEGUNDO.-Autorizar á Alcaldía-presidencia para a realización de cantos trámites precisos sexan para a efectividade deste acordo.
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

15 º.- PROPOSTA SOBRE AUTORIZACIÓN Á ALCALDÍA-PRESIDENCIA PARA A SOLICITUDE DE AXUDAS NO PROGRAMA URBAN XUNTO CO CONCELLO DE FERROL.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Ante a proximidade da convocatoria de axudas para o desenvolvemento do Programa Urban, con financiación da Unión Europa (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)) , e dado o interés deste Concello na participación dun programa cuxos obxetivos son a proposta de modelos de desenvolvemento innovadores para a rexeneración da zona con creación de postos de traballo locais nas áreas de medio ambiente, cultura e servicios á poboación; renovación de edificios e espazos verdes; desenvolvemento de transporte público pouco contaminante; integración social; xestión eficaz da enerxia e utilización de enerxias renovables e desenvolvemento da tecnoloxía da información.

Esta Alcaldía, visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces de data 26-10-15, propón ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO-Aprobar a participación do Concello de Narón en colaboración co Concello de Ferrol (sen perxuizo da posterior adopción de calquera fórmula asociativa que resulte convinte) na vindeira convocatoria de axudas para o desenvolvemento do Programa Urban con financiación da Unión Europa (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

SEGUNDO.-autorizar á Alcaldía-presidencia para efectuar cantos trámites prexisos sexan para a efectividade deste acordo.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

16 º.- DAR CONTA DA EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS E DOS MOVEMENTOS DE TESOURERÍA POR OPERACIÓN ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE DE 2015.. –

A/ AO CONCELLO PLENO

De conformidade co disposto na base 24.4 das que rexen a execución do Orzamento do Concello, aprobadas inicialmente polo Pleno do Concello en sesión celebrada ó 27 de novembro de 2014, remitese a ese órgano para seu coñecemento información da execución dos orzamentos e dos movementos de tesourería por operación orzamentarias e non orzamentaris correspondentes ó período abranguido entre ó 1 de xaneiro ó 31 de marzo de 2015, e que corresponde ó 1º trimestre, o resume é o que deseguido transcribese:

1º TRIMESTRE

1.- GASTOS ORZAMENTARIOS.

C. INICIAIS	MODIFICACIONS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	PAGOS EFECTUADOS	DEVOLUCIÓNS DE INGRESOS
28.058.922,45.- €	82.964,50.- €	4.141.547,20.- €	3.158.734,59.- €	11.711,29.- €

2.- INGRESOS ORZAMENTARIOS.

C. INICIAIS	MODIFICACIONS	DEREITOS RECOÑECIDOS	ANULACIÓNS	DEREITOS RECADADOS
28.058.922,45.- €	82.964,50.- €	6.280.129,86.- €	1.432,90.- €	5.354.884,74.- €

3.- GASTOS NON ORZAMENTARIOS.

SAIDA DE VALORES	PAGOS EN METÁLICO
8.987,80.- €	1.015.566,30.- €

4.- INGRESOS NON ORZAMENTARIOS.

ENTRADAS DE VALORES	INGRESOS METÁLICO
274.289,87.- €	1.379.719,20.- €

5.- GASTOS EXERCICIO PECHADOS.

PAGOS EFECTIVOS	RECTIFICACIÓNS OBRIG. RECOÑECIDAS
1.805.494,60.- €	0,00.- €

6.- INGRESOS EXERCICIOS PECHADOS.

DEREITOS ANULADOS	INGRESOS EFECTUADOS
97.754,14.- €	1.868.691,12.- €

7.- EXISTENCIAS FINAIS TESOURERIA.

METÁLICO	VALORES

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

7.077.308,29.- €	2.617.884,51.- €

Engádese a proposta o detalle do estado contable do 1º trimestre/2015.

Narón, 12 de agosto de 2015.

A ALCALDESA-PRESIDENTE ACCTAL **O INTERVENTOR XERAL**
Asdo. MARIAN FERREIRO DÍAZ **Asdo. VICENTE J. CALVO DEL CASTILLO**

B/ AO CONCELLO PLENO

De conformidade co disposto na base 24.4 das que rexen a execución do Orzamento do Concello, aprobadas inicialmente polo Pleno do Concello en sesión celebrada ó 27 de novembro de 2014, remitese a ese órgano para seu coñecemento información da execución dos orzamentos e dos movementos de tesourería por operación orzamentarias e non orzamentarias correspondentes ó período abranguido entre ó 1 de abril ó 30 de xuño de 2015, e que corresponden ó 2º trimestre, o resume é o que deseguido transcribese:

2º TRIMESTRE

1.- GASTOS ORZAMENTARIOS.

C. INICIAIS	MODIFICACIONS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	PAGOS EFECTUADOS	DEVOLUCIONS DE INGRESOS
28.058.922,45.- €	1.187.516,78.- €	11.228.811,19.- €	10.584.049,87.- €	308.940,90.- €

2.- INGRESOS ORZAMENTARIOS.

C. INICIAIS	MODIFICACIONS	DEREITOS RECOÑECIDOS	ANULACIONS	DEREITOS RECADADOS
28.058.922,45.- €	1.187.516,78.- €	13.754.833,09.- €	11.710,14.- €	12.118.918,71.- €

3.- GASTOS NON ORZAMENTARIOS.

SAIDA DE VALORES	INGRESOS METÁLICO
24.398,98.- €	2.411.961,28.- €

4.- INGRESOS NON ORZAMENTARIOS.

ENTRADAS DE VALORES	INGRESOS METÁLICO
301.736,05.- €	2.877.321,49.- €

5.- GASTOS EXERCICIOS PECHADOS.

PAGOS EFECTIVOS	RECTIFICACIONS OBRIG. RECOÑECIDAS
1.805.494,60.- €	0,00.- €

6.- INGRESOS EXERCICIOS PECHADOS.

DEREITOS ANULADOS	INGRESOS EFECTUADOS
101.159,39.- €	2.340.230,35.- €

7.- EXISTENCIAS FINAIS TESOURERIA.

METÁLICO	VALORES
6.988.773,52.- €	2.629.919,51.- €

Engádese a proposta o detalle do estado do 2º trimestre /2015.

Narón, 17 de agosto de 2015.

O ALCALDE-PRESIDENTE **O INTERVENTOR XERAL**
Asdo. JOSÉ MANUEL BLANCO SUÁREZ. **Asdo. VICENTE J. CALVO DEL CASTILLO**

O Concello Pleno, deuse por enterado.

17 º.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (E.N.E.) A MELLORA DA ACCESIBILIDADE E ATENCIÓN AO PÚBLICO.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: A organización política Eliximos Narón Electores, pertencente o Grupo Mixto Municipal de Narón, en base ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1. Lexislación.

O Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, fixa condicións

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

básicas de accesibilidade e non discriminación, e concretamente no Artigo 23 fala das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación, destacando:

2. *Las condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación establecerán, para cada ámbito o área, medidas concretas para prevenir o suprimir discriminaciones, y para compensar desventajas o dificultades. Se incluirán disposiciones sobre, al menos, los siguientes aspectos:*
   a) *Exigencias de accesibilidad de los edificios y entornos, de los instrumentos, equipos y tecnologías, y de los bienes y productos utilizados en el sector o área. En particular, la supresión de barreras a las instalaciones y la adaptación de equipos e instrumentos, así como la apropiada señalización en los mismos.*
   e) *Planes y calendario para la implantación de las exigencias de accesibilidad y para el establecimiento de las condiciones más favorables y de no discriminación.*

O artigo 25 fala destas condicións no ámbito de los espazos públicos urbanizados e edificación:

1. *Las condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación de las personas con discapacidad para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados y edificaciones serán exigibles en los plazos y términos establecidos reglamentariamente.*
   No obstante, las condiciones previstas en el párrafo anterior serán exigibles para todos los espacios públicos urbanizados y edificaciones, de acuerdo con las condiciones y plazos máximos previstos en la disposición adicional tercera.1.

A disposición adicional terceira (Exigibilidad de las condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación) di:

1. *Los supuestos y plazos máximos de exigibilidad de las condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación, en todo caso, son los siguientes:*
   b) *Para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados y edificaciones:*
   Espacios y edificacionesnuevos: 4 de diciembre de 2010.
   Espacios y edificaciones existentes el 4 de diciembre de 2010, que sean susceptibles de ajustesrazonables: 4 de diciembre de 2017.

O artigo 30, de medidas para facilitar o estacionamento de vehículos, di:

Los ayuntamientos adoptarán las medidas adecuadas para facilitar el estacionamiento de los vehículos automóviles pertenecientes a personas con problemas graves de movilidad, por razón de su discapacidad.

O artigo 34, de outras medidas públicas de accesibilidade, di:

1. *Las administraciones públicas habilitarán en sus presupuestos las consignaciones necesarias para la financiación de las adaptaciones en los inmuebles que de ellos dependan.*
2. *Al mismo tiempo, fomentarán la adaptación de los inmuebles de titularidad privada, mediante el establecimiento de ayudas, exenciones y subvenciones.*

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

3. *Además, las administraciones competentes en materia de urbanismo deberán considerar, y en su caso incluir, la necesidad de esas adaptaciones anticipadas, en los planes municipales de ordenación urbana que formulen o aprueben.*
4. *Los ayuntamientos deberán prever planes municipales de actuación, al objeto de adaptar las vías públicas, parques y jardines, a las normas aprobadas con carácter general, viniendo obligados a destinar un porcentaje de su presupuesto a dichos fines.*

2. Aparcadoiros para minusválidos no entorno do edificio do concello.

Na actualidade parece que os aparcamentos para minusválidos mais próximos o concello se encontran diante do centro de saúde, tres prazas que fanse necesarias para os pacientes do mesmo. O acceso dunha empregada do concello con cadeira de rodas faino polo aparcamento subterráneo pero este acceso no é libre para o público. Parece evidente que he necesario habilitar prazas de aparcamento para minusválidos coa amplitude suficiente para permitir a carga e descarga das cadeiras de rodas.

Visto que hai prazas reservadas para o concello a nivel do baixo que empréganse por os traballadores do concello e as veces por outros alleos, proponse que se empracen a os propietarios destes vehículos a empregar o aparcadoiro subterráneo, no que sempre hai prazas libres (tanto das reservadas para o concello como das públicas), e se transformen as seis prazas próximas a rampla de baixada en catro prazas para minusválidos. Unha vez dispostas as prazas poñer carteis indicativos sobre da existencia das mesmas tanto no exterior da entrada o aparcamento como na porta do concello, ademais de anuncialas na páxina web do concello nun apartado sobre a accesibilidade dos minusválidos o Concello e a os edificios públicos dependentes do mesmo.

Sería tamén interesante reservar unha praza ou dúas para minusválidos o lado dos xardíns da rúa 10 de marzo, para o acceso a praza de Galicia cara aos actos públicos que alí se fan en ocasións, e para acudir o auditorio, a casa da cultura e ao mesmo concello a través de dita praza. Tampouco estaría de mais reservar algunha próxima a biblioteca, para servizo desta o tempo que serven de apoio aos pacientes do centro de saúde.

Por outro lado, deberíase facilitar a empregada do concello que usa cadeira de rodas unha tarxeta de acceso o aparcadoiro subterráneo para facilitarlle a entrada nos días de inverno sen ter que recorrer ao uso dos tíckets e incluso poder facer uso dos aparcamentos do concello durante a xornada de traballo.

3. Accesibilidadea praza de Galicia e o edificio do concello dende esta.

A accesibilidade con cadeira de rodas a propia praza pública esta moi limitada, sendo só posible dende a parte sueste da mesma, atravesando os xardíns dende a rúa 10 de marzo, xa que o acceso dende a rúa 25 de xullo a través da rampla de acceso próxima o centro de saúde presenta unha pendente excesiva, e dende a estrada de Castela pola rampla que vai ata a casa dacultura. Tamén sería interesante adaptar a baixada peonil que hai dende o aparcamento ó final da rúa 8 de marzo (entrando dende a avenida Souto Vizoso) que ten unha pequena zona de forte pendente con areas de modo que he difícil o acceso en cadeira de rodas e e fácil que escorreguen os peóns.

Dado a dificultade de intuír ditos accesos, sería interesante colocar carteis informativos a entrada dos mesmos e ao lado dos restantes accesos indicando as opcións para acceder á praza mediante cadeira de rodas.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es



En cando ao acceso ao concello dende a praza, encontrámonos que hai un chanzo e que dispúxose unha peza metálica para axudar á subida pero que non é adecuada para a cadeira de rodas, polo que debía de engadirse outra mais axeitada.

Encontrámonos con unha porta de cristal que foi substituída recentemente e á que non se lle colocou os adhesivos como as que teñen as outras para evitar encontróns, polo que estes ocorren con certa frecuencia.

Creemos que he necesario e conveniente que o acceso o Concello dende esta praza sexa libre para o público no horario de atención o mesmo dado que hai moita xente que acode a mesma para resolver moitos trámites, sendo incluso tanto ou mais frecuentada que a planta baixa.

Por outro lado, o espazo dispoñible para o público na planta e moi reducido, especialmente e certas épocas como cando acoden moitas nais cos seus carriños de bebés a facer xestións, e por elo proponse que a zona cuberta da planta aberta ao exterior se cerre (cunha estrutura lixeira acristalada por exemplo) para acomodar nese espazo unha sala de espera, e na que podían ademais abrirse unhas xanelas para a atención o público.

4. Accesibilidade no interior do edificio do concello para a xente en cadeira de rodas.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

O edificio do concello, a pesar da súa relativa recente construción, presenta deficiencias en canto a súa accesibilidade e é susceptible de mellora no referente á atención o público.

Salvo na planta baixa os aseos non se fixeron adaptados para minusválidos, e aínda que se fixeron modificacións no aseo de mulleres do primeiro e o cuarto piso.

Debíase estudar modificacións nos restantes e como proposta que creemos mais económica que a realizada nos mencionados pisos propoñemos que se elimine a porta e parede entre os espazos do lavabo e o retrete e se coloque o lavabo virado 90 grados (ver esquema violeta na figura) sobre da parede mais afastada do retrete de forma que quede libre o correspondente circulo 1,5 metros de diámetro para o xiro da cadeira dentro do aseo (ver circunferencia vermella na figura) e espazo suficiente entre retrete e lavabo para aloxar a cadeira (ver esquema azul na figura) de modo que desde ela se poda acceder tanto o lavabo coma permitir o cambio da cadeira o retrete. Ademais dos correspondentes asadeiros metálicos para axudarse nas manobras de cambio de asento, poderíase contemplar que o lavabo e o retrete fosen mais adaptados para o seu uso dende unha cadeira de rodas e facilitaría moito tamén que a porta de acceso pasase a ser de tipo corredera.



O acceso a sétima planta e imposible salvo por as escaleiras o cal non só limita o seu uso para as persoas minusválidas senón que dificulta o seu aproveitamento para funcións como pode ser o de arquivo. A solución a este problema podería ser reformar o de maior tamaño facendo entre outras cousas unha caseta na parte alta do edificio, ou poñer un novo ascensor exterior nunha das fachadas sur do edificio e que incluso podería levar asociada unha nova escaleira para facer fronte un posible incendio.

Algúns corredores interiores, especialmente os pegados as fachadas, tampouco son accesibles para o funcionariado en cadeira de rodas e, as veces, os postos de traballo.Tamén se descoidan os cables tirados polo chan ou colgando nas zonas de paso, o cal resulta perigoso para todo o persoal, e especialmente para as cadeiras de rodas.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Outras cuestións de menor envergadura pero importantes para o funcionario en cadeira son, por exemplo, a pouca accesibilidade aos controis de acceso, ás impresoras e os mostradores de atención o público,estes últimos tampouco están adaptados para o publico en cadeiras de rodas ou xente de pequena estatura.

5. Accesibilidade noutros edificios públicos.

Estamos a falar daquelas cousas do concello que son, tal vez, mais coñecidas (aínda que ata de agora parecen ignoradas), pero de seguro que hai mais cousas, as veces pequenas e de fácil resolución, que poderían revelarnos os funcionarios ou o publico (especialmente a asociación de minusválidos), polo que vemos conveniente preguntarlles o respecto.

Con todo, esta iniciativa debería estenderse a outros edificios públicos do concello, porque estamos a pretender resolver os grandes problemas de mobilidade e accesibilidade do concello sen preocuparnos das pequenas partes, que as veces son moito mais importantes.

Por todo elo a coalición Eliximos Narón Electores solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguintes

ACORDOS:

1. Aprobar, de acordo coa lei,a posta en marcha do desenrolo dun plan e calendario de implantación para mellorar a habilitación cara á atención á veciñanza e a accesibilidade locais públicos dependentes do concello, comezando pola casa consistorial, a desenrolar en varias fases, arrincando por aquilo que resulte mais fácil de solucionar, e tratando que ter en conta a opinión dos usuarios mais afectados.
2. Aprobar, de acordo coa lei, a habilitación nos orzamentos do próximo ano de diñeiro para a financiamento das adaptacións en inmobles e vías públicas, parques e xardíns, en base a un estudo de necesidades iniciais.

Narón, a 9 de outubro de 2015
Alfonso Casal Romero "

E visto o ditame **DESFAVORABLE** por maioría, con 6 votos en contra (4 TEGA+1BNG+ 1 PSdeG-PSOE), 2 abstencións do PP e 1 voto a favor do GRUPO MIXTO, da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos de data 19-10-15, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou o **DITAME DESFAVORABLE** da moción transcrita:

TEGA: A favor 10
PP: En contra 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: En contra 1 (E.N.E.); Abstencións 1 (EU)

18 º.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (E.N.E.) A FAVOR DE SOLICITAR Á XUNTA UNHA MELLOR COBERTURA DAS AMBULANCIAS DE URXENCIAS SANITARIAS DO 061 NA ÁREA DE FERROLTERRA.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: "A organización política Eliximos Narón Electores, pertencente o Grupo Mixto Municipal de Narón, en base ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Introdución:

Os Sistemas de Emerxencias Médicas (SEM) constitúen un elemento importante nos servizos de saúde en todos os países da Unión Europea. Ademais, nas últimas décadas tomaron especial protagonismo, ao producirse un incremento xeneroso na demanda de atención urxente, posiblemente relacionado co aumento das expectativas e da idade da

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

poboación. España é un dos países da Unión Europea con maior distancia entre o domicilio e o hospital de referencia[1], e especialmente en Galicia debido a unha maior dispersión da poboación galega fronte outras autonomías, o que converte ao transporte sanitario nunha actividade crucial dentro da prestación sanitaria.

Todos os cidadáns españois teñen dereito a recibir o mesmo nivel e calidade de atención sanitaria urxente[2], polo que é necesario que as administracións públicas realicen un esforzo para dotar ás comunidades autónomas dos recursos necesarios de acordo a unha serie de criterios obxectivos.

Os índices de ambulancia por poboación absoluta (número de recursos asistenciais por 100.000 habitantes) é un dos indicadores recomendados na avaliación da calidade da atención sanitaria extrahospitalaria, presentándose útil para a monitoraxe dos sistemas de emerxencia, e veñen representar o nivel de cobertura ofrecido a diario de emerxencias. Un índice alto proporciona unha maior garantía para que no caso de xurdir dous ou varias emerxencias ao mesmo tempo poida asignarse o recurso máis adecuado. **Segundo a OMS o cociente de ambulancias por poboación debería ser de 1 ambulancia de SVB cada 25.000 habitantes e 1 de SVA cada 120.000**.

Outras recomendacións[3] céntranse no emprego doutros índices máis pragmáticos, aínda que tamén de máis complexo cálculo, fundamentándose en criterios de isócrona[4], establecendo ademais estándares de calidade. Esta sistemática presenta a capacidade de considerar indirectamente algunhas peculiaridades territoriais (orografía, vías de comunicación...).

O Sistema de Información de Atención Primaria (SIAP) do Sistema Nacional de Saúde (SNS) danos información sobre de os recursos e a actividade dos servizos de urxencias e emerxencias 112/061. Todos os datos que se manexan neste texto refírense a información do SIAP correspondente o ano 2013.

No referente os dispositivos móbiles recolle os seguintes tipos:

- Ambulancia de Soporte Vital Avanzado (SVA ou Unidade de Soporte Vital Avanzado USVA)[5] ou Ambulancias asistenciais de clase C: vehículos para asistencia técnico-sanitaria en ruta e destinados a proporcionar soporte vital avanzado, con: Condutor e técnico en emerxencias sanitarias (TES) / Enfermeiro / Médico cando a asistencia a prestar o requira.
- Ambulancia de Soporte Vital Básico (SVB ou Unidade de Soporte Vital Básico USVB)[5] ou Ambulancias asistenciais de **clase B**: vehículos para asistencia técnico-sanitaria en ruta e destinado a proporcionar soporte vital básico e atención sanitaria inicial, con: Condutor e TES
- Ambulancias non asistenciais de clase A1[5]: Vehículos que no están acondicionadas para la asistencia sanitaria en ruta, destinadas al transporte de pacientes en camilla, con Condutor.
- Equipo Aéreo de emerxencias (EA) ou Helicóptero Medicalizado: Funcións e equipamento similares ás ambulancias asistenciais de clase C (ou SVA), con Piloto, Enfermeiro e Médico.
- Vehículo de Intervención Rápida (VIR): vehículos de emerxencias acondicionados para la asistencia de urxencias vitais pero sen capacidade de traslado de pacientes, con equipamento e mesma función asistencial que o SVA, con TES e Médico e/ou Enfermeiro
- Unidade de Atención Domiciliaria (UAD): Vehículos acondicionados para realizar la atención en domicilio, pero sen capacidade de traslado de pacientes, con Condutor e Médico e/ou Enfermeiro, e equipado con maletín de medicación, monitor desfibrilador, e oxixeno.
- Vehículos Especiais de Catástrofes (VEC) ou Unidade de Apoio Loxístico (UAL): vehículos de transporte de material especial para la asistencia sanitaria en caso de incidentes non rutineiros con múltiples vítimas, grandes catástrofes, etc. Equipamento: Material de triaxe, carpas, hospitais

[1] Fundación Nacional del Transporte Sanitario para la educación, cooperación y desarrollo. Libro blanco del transporte sanitario: análisis económico del sector. FNTS; 2005.
[2] Ley 16/2003, de 28 de mayo, de cohesión y calidad del Sistema Nacional de Salud. BOE 128, del 29 de mayo de 2003.
[3] Grupo de Trabajo de la Sociedad Española de Urgencias y Emergencias. Protocolo de actuación y buenas prácticas en la atención sanitaria inicial al accidentado de tráfico. Ministerio de Sanidad y Política Social, 2010.
[4] Área de influencia dunha base para unha determinada limitación do tempo de chegada da ambulancia dende a base.
[5] Equipamento e profesionais segundo Artigos 3 e 4 do Real Decreto 836/2012, do 25 de maio

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

despregables, elementos especiais de sinalización e material de incidentes de múltiples vítimas. Profesionais: activase o tipo o número de persoal necesario e adecuado o tipo de catástrofe.



No gráfico 1 mostrase información sobre do número de unidades de cada un dos tipos de dispositivos móbiles para as diferentes comunidades e para o conxunto de España, podendo comprobar que Galicia encontrase un 20% por debaixo da media nacional e solo dispón dos tipos EA, SVA e SVB, polo cal obtén un mellor posto (aproximadamente a media nacional) se consideramos só as Unidade de Soporte Vital Básico e Avanzado (ver gráfico 2).



Ao contrastar os datos calculados entre territorios se obxectiva unha evidente disparidade de resultados. Con todo, a comparación entre comunidades en función dos diferentes índices obtidos é un proceso que

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

debe ser realizado con certa cautela, xa que non se evidenciou unha clara relación entre os resultados calculados e cífralas poboacións ou extensión de cada territorio.



No gráfico 3 podemos observar que as demandas sanitarias[6] rexistradas en Galicia no 2013 estiveron bastante por riba da media nacional sendo a segunda comunidade con maior demanda , e a cuarta por incidencia sanitarias. Inclúese ó final unha desagregación das provincias galegas no que se pode ver que A Coruña está un pouco por debaixo da media galega.

Cando se analizan as incidencias sanitarias que requiriron de dispositivos móbiles (ver gráfico 4), Galicia tamén se encontra nunha quinta posición con 79 incidencias cada 1000 habitantes fronte a 71 da media nacional, e no referente as provincias galegas A Coruña ten a taxa mais baixa e próxima a media nacional.

[6] **Demanda sanitaria** = Demandas informativas + Incidencias sanitarias.

Demandas informativas = Aquelas demandas que solicitan unicamente información que non require valoración nin consello sanitario. Son resoltas polo persoal non sanitario do Centro Coordinador.

Incidencias sanitarias = Considérase incidente a aquela demanda sanitaria que require a valoración/interven-ción do persoal da central de coordinación, independentemente da súa complexidade. A súa resolución implica unha valoración, tras a cal se emite un consello (pauta de actuación) por persoal sanitario ou, en ocasións, por persoal non sanitario actuando baixo protocolo, ou ben se decide a mobilización dun recurso.

Incidentes sanitarios resoltos sen mobilización de recursos propios. Inclúe:

- Consellos sanitarios /pautas de actuación (ver apartado anterior)
- A derivación da demanda a un centro de Atención Primaria para que un profesional sanitario desprácese (fose do centro) para atendela.
- A recomendación ao usuario de acudir a un centro sanitario para que lle atendan.

Incidentes sanitarios resoltos con mobilización de recursos propios. Inclúe:

- A mobilización urxente dos dispositivos móbiles.
- O Traslado de pacientes críticos entre centros hospitalarios mediante uso de ambulancias de clase SVA ou Equipos Aéreos (como excepción, neste caso inclúense os traslados programados).

Desagregación:

a) Número de incidentes sanitarios resoltos con mobilización de dispositivos con traslado de pacientes: Ambulancias clase SVA, clase SVB, clase A1 ou EA.

b) Número de incidentes sanitarios resoltos con mobilización de vehículos sanitarios sen transporte de pacientes: Tipo VIR ou UAD.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es



En canto das incidencias con movementos de recursos, á desagregación en SVB e SVA + EA ocorre algo semellante (ver gráfico 5).

Como conclusión podemos dicir que Galicia presenta unha alta cantidade de incidencias sanitarias con unha alta exixencia de Unidades móbiles de Soporte Vital situándose como unha autonomía con índices bastante por riba da media nacional, o cal choca co seu menor equipamento que a sitúa bastante por debaixo do equipamento medio nacional.



As

Urxencias Sanitarias en Galicia:

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 é unha entidade sen ánimo de lucro, de competencia autonómica, con personalidade xurídica propia e inscrita, segundo a Orde do 5 de outubro de 1999, no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

A Xunta de Galicia asume a función de protectorado, a través da Consellería de Sanidade. A vinculación entre a Fundación e o Servizo Galego de Saúde-Consellería de Sanidade formalízase mediante contratos-programa que permiten vincular o funcionamento da Fundación cos criterios de planificación do Servizo Galego de Saúde e coas necesidades dos usuarios.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 ten por obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, consultoría, asistencia e transporte de pacientes, docencia e investigación, prioritariamente, en materia de atención extrahospitalaria. Tanto na emerxencia e na urxencia sanitaria, coma no campo dos coidados críticos, promove a eficacia, eficiencia e seguridade do sistema sanitario.

Na memoria do ano 2013 da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia – 061 informase de que a rede de transporte sanitario urxente da Comunidade Autónoma de Galicia está formada polos seguintes recursos asistenciais:

- 10 + 1 estival Ambulancias Asistenciais de Soporte Vital Avanzado (AA-SVA) medicalizadas, situadas nas grandes cidades: A Coruña (2), Ferrol, Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra, Sanxenxo (en época estival), Vigo, Mos, Lugo e a Mariña Lucense (Foz), que realizan a súa actividade asistencial no ámbito extrahospitalario, e para a realización dos traslados interhospitalarios do paciente crítico.
- 101 Ambulancias Asistenciais de Soporte Vital Básico (AA-SVB) subcontratadas mediante concurso público e distribuídas en 87 bases por toda a xeografía galega, que seguen criterios de demanda asistencial, dispersión e isócrona (a isócrona establecida é de **20 minutos no medio rural e de 10 minutos no medio urbano**).
- 2 helicópteros que pertencen á Axencia Galega de Emerxencias, pero que están medicalizados por persoal do 061, e situados nas cidades de Ourense e Santiago de Compostela.

Estes recursos encontrase lonxe das 23,05 SVA e das 110,64 SVB aconselladas para a poboación galega segundo a recomendación da Organización Mundial da Saúde (unha USVA por cada 120.000 habitantes e unha USVB por cada 25.000).

As Urxencias Sanitarias na Comarca de Ferrolterra:

Actualmente existe unha USVA na base de Ferrol para atender non só a comarca de Ferrolterra senón tamén as de Eume e Ortegal, co cal estamos a falar de unha poboación obxectivo de case 200.000 habitantes, moi por encima dos 120.000 recomendados pola OMS, pero ademais esta cobertura encontrase mermada por dous aspectos:

- A USVA ten que encargarse do traslado de pacientes críticos entre hospitais, o cal ocorre con certa frecuencia porque o Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF) ten unha oferta sanitaria moi limitada con respecto o Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña (CHUAC).
- A atención ao PROGALIAM[7] implica que os pacientes diagnosticados de Infarto Agudo de Miocardio nas USVA ou nos hospitais que carecen de servizo de hemodinámica son trasladados inmediatamente e, dun modo seguro, aos centros de referencia correspondentes, que para Ferrolterra e o CHUAC.

Estes traslados supoñen unhas dúas horas nas que a USVA non pode atender as Urxencias, e isto ocorre con bastante frecuencia.

Por estas razóns, faise unha proposta de implantar unha USVA na base de Narón que complemente a de Ferrol para deixar unha cobertura de 100.000 habitantes por unidade o tempo que se da cobertura os traslados.

A proposta de que a nova unidade se implante en Narón ten como razón: situala próxima o CHUF ao tempo que evitar concentralas no mesmo punto co fin de prevenir que en determinadas circunstancias ambas sexan afectadas polas mesmas problemáticas, como poden ser obras na carreteira de acceso, atascos, etc.

No referente as USVB, actualmente na comarca de Ferrolterra distribúense 4 ambulancias: dúas en Ferrol (indicativos A-295 e A-296), outra en Narón (A-298) e unha en Cedeira (A-280); na comarca de Ortegal localízanse unha en

[7] Programa galego de atención ao infarto agudo de miocardio

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Ortigueira (A-282) e outra en Cariño (A-261); e na do Eume outras dúas: Pontedeume (A-297) e As Pontes (A-281). Todas elas están a tempo completo as 24 horas do día salvo a de Narón que esta a 12 horas diúrnas.

Facendo un estudo dos tempos de chegada das ambulancias aos distintos puntos da comarca detéctanse zonas do rural que están por riba dos 20 minutos da isócrona arriba comentada. Como se pode ver na seguinte táboa o pobo de As Somozas encontrase no límite dos 20 minutos da isócrona respecto de As Pontes (non así para unha parte do concello), e moi lonxe das outras bases de SVB, mentres que Balocos (Moeche) encontrase a uns 25 minutos as bases que o rodean (ver mapa con os postos identificados polas cruces, e onde os círculos marcan os puntos a unha distancia de uns 8,5 km en liña recta dende os postos, uns 10 minutos a 50 km/h).

Táboa 1 .- Tempos* entre bases de USB e localidades de Ferrolterra en minutos

	Ferrol	Naron	As Pontes	Cedeira	Ortgueira
Balocos	24	24	27	23	27
Somozas	31	31	20	30	34

* Tempos medidos usando a ferramenta de Googles Maps

	Ferrol	Narón	Pontedeume
Chanteiro	32	29	32
Mugardos	23	20	23
Ares	23	20	23

O problema dun tempo de chegada superior o planificado non só afecta á atención dos casos que se produzan nestas zonas mais afastadas, senón que tamén afecta as outras zonas mais próximas, debido a que se incrementa a probabilidade de deixalas desatendidas, e por este motivo, propóñense dúas novas bases para as Unidades de Soporte Vital.



Unha base situada na zona de Moeche, por exemplo no seu centro de saúde, permitiría cubrir de forma eficiente os concellos de Moeche, San Sadurniño, As Somozas, así como parte de Cerdido e Valdoviño, os cales suman unha poboación de unhas 12.000 persoas. Aínda que esta poboación non é moi alta permite liberar os recursos das outras bases mais poboadas para ofrecerlles a adecuada cobertura, e pola mesma razón considerase que inicialmente a cobertura do posto sexa de 12 horas.

No caso da península de Bezoucos os pobos de Ares e Mugardos encóntranse xusto a 20 minutos[8] da base de Narón pero no así o pobo de Chanteiro no estremo Oeste. A poboación da península suma uns 11.158 habitantes, que xunto con Fene de 13.498 habitantes fan un total de 24.656 persoas que son aproximadamente as 25.000 que é o recomendado pola OMS para unha SVB. Igual que no caso anterior, considerase que inicialmente a cobertura do posto sexa de 12 horas diúrnas.

[8] Tempos medidos empregando a ferramenta de Google Maps.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Na táboa 2 móstrase o número de unidades de soporte vital actualmente en operación na comarca de Ferrolterra e as novas cantidades propostas que supoñen:

- Incrementar unha unidade de SVB en Ferrol.
- Incrementar en unha SVA na base de Narón e pasar a actual SVB de 12 a 24 horas.
- Crear unha nova base na zona de Moeche con unha SVB a 12 horas diúrnas.
- Crear unha nova base na zona de Ares-Mugardos con unha SVB a 12 horas diúrnas.

Táboa 2.- Unidades de Soporte Vital en Ferrolterra

	Actual		**Propuesta**	
	Noche	Día	Noche	Día
S. V. Avanzado Ferrol	1	1	1	1
SVB Ferrol	2	2	3	3
S. V. Avanzado Narón	0	0	1	1
SVB Naron	0	1	1	1
SVB Cedeira	1	1	1	1
SVB Moeche	0	0	0	1
SVB Ares-Mugardos	0	0	0	1
TOTAL	4	5	7	9

No gráfico 6 móstranse o número de unidades asistenciais SVA e SVB por cada 100.000 habitantes para o total de España, o conxunto de Galicia, as catro provincias galegas, o conxunto das comarcas de Ferrolterra-Eume-Ortegal, e finalmente para a comarca de Ferroltera na situación actual e na proposta, diferenciando entre a cobertura diúrna e nocturna.



No gráfico pódese observar que actualmente Ferroterra está peor atendida que calquera das outras zonas recollidas no gráfico, tanto de día como de noite, e a proposta supón poñela no horario nocturno aproximadamente ao nivel actual das tres comarcas en conxunto e da media de España, e no horario diúrno por riba das outras referencias salvo da provincia de Lugo, pero aínda sen acadar o nivel de España si temos en conta outro tipo de unidades (VIR e UAD) como se mostraba no gráfico 1.

O número de dispositivos móbiles por cada 100.000 habitantes en Ferrolterra está en torno a un 27,4% por debaixo da media galega e un 42,9% por debaixo da nacional (32% si so se considera o tipo de unidades empregadas en Galicia.

Conclusións:

Existen unha clara necesidade de mellorar a cobertura do 061, e esta demanda basease en:

- No dereito de todos os españois a recibir o mesmo nivel e calidade de atención sanitaria urxente.
- No incremento xeneroso que a demanda de atención urxente foi sufrindo nos últimos anos.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- A maior distancia entre o domicilio e o hospital de referencia debido a unha maior dispersión da poboación galega fronte outras autonomías.
- As incidencias sanitarias que requiriron de dispositivos móbiles en Galicia no 2013 foron un 11% por enriba da media española, mentres que o número de dispositivos móbiles cada 100.000 habitantes de Galicia encontrase un 20% por debaixo da media nacional, e moi lonxe dos recomendados pola Organización Mundial da Saúde.
- A diferenza doutras comunidades, Galicia nos últimos anos non variou o seu nivel de cobertura deste tipo de servizo, mentres que si aumentou a demanda, polo que faise necesaria unha mellora, especialmente en as zonas mais desfavorecidas como e Ferrolterra.
- O número de dispositivos móbiles por cada 100.000 habitantes en Ferrolterra está en torno a un 27,4% por debaixo da media galega e un 42,9% por debaixo da nacional (32% si so se considera o tipo de unidades empregadas en Galicia.
- Na baixa cobertura da USVA de Ferrol para as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, con 200.000 habitantes, e tendo que atender tamén os traslados interhospitalarios e do programa PROGALIAM.
- Na falta de a adecuada cobertura das USVB de acordo a isócrona (tempo de chegada) establecida de 20 minutos no medio rural (e de 10 minutos no medio urbano) de zonas como Ares, Mugardos, Moeche, Cerdido, Valdoviño, San Sadurniño, As Somozas. Problema que non só afecta á atención dos casos que se produzan nestas zonas mais afastadas, senón que tamén afecta as outras zonas mais próximas, debido a que se incrementa a probabilidade de deixalas desatendidas.

Por todo elo a coalición Eliximos Narón Electores solicita do Pleno a adopción do seguinte acordo:

Solicitar á Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, e á Xunta na súa función de protectorado de dita fundación, o incremento do número de Unidades de Soporte Vital na comarca de Ferrolterra da seguinte maneira:

- Incrementar unha Unidade de Soporte Vital Básico a base de Ferrol.
- Incrementar en unha Soporte Vital Avanzado a base de Narón e pasar a actual Unidade de Soporte Vital Básico de 12 a 24 horas.
- Demandar da Xunta de Galicia máis persoal médico e de enfermería para o Centro de Saúde. En todo caso, que no se amorticen as prazas do persoal que se xubila, que sexan cubertas coas prazas de novo persoal.

Narón, a 30 de setembro de 2015
Alfonso Casal Pita
D.N.I.: 32640748E”

E visto o ditame favorable, por maioría, con 7 votos a favor (4TEGA+1 PSdeG-PSOE+1 BNG+1 GRUPO MIXTO) e 2 abstencións do PP da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 20-10-15, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

19 º.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO MUNICIPAL DE APOIO Á PROPOSICIÓN DE LEI, POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR, IMPULSADA POLA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA SOBRE MEDIDAS PARA GARANTIR A ENERXÍA COMO SERVIZO PÚBLICO E CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA.. - Lida polo secretario xeral a moción que di así: **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu produto interior bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia,

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxeno dos seus recursos enerxéticos.

Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparellados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español e ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, e mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos.

É posíbel a concreción dunha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Así, nesta Lei, no capítulo I, concrétase o desenvolvemento dunha política enerxética, baseada no papel protagonista da Administración galega, na necesidade para o país de dotármonos dunha tarifa eléctrica específica, fundamentada da nosa condición excedentaria na produción eléctrica, da análise das perdas no transporte e distribución, así como das diferentes peaxes do sistema que atenden ás singularidades de determinados territorios: extrapeninsulares, comarcas do carbón español, comunidades que son moi deficitarias na xeración eléctrica, etc. Por iso, concretamos que para Galiza a tarifa debería recoller unha bonificación dun 30% nas peaxes. A Lei pretende tamén impulsar o crecemento das enerxías renovábeis, as medidas de aforro e eficiencia enerxética e a inclusión de Galiza no actual Plano Estatal do Carbón. Por último, proponse a creación dunha tarifa industrial estábel e predicíbel que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. O sector empresarial galego, e nomeadamente a súa industria, precisa gañar competitividade pola vía da correcta xestión dos seus custos. Na actualidade, os custos enerxéticos representan a segunda categoría de custo máis importante despois dos correspondentes ao persoal. En 2012, o prezo da electricidade para clientes industriais era no conxunto do Estado español un 10% superior ao custo medio da Unión Europea. Obviamente, cómpre avanzarmos nas políticas orientadas a conseguir maiores graos de eficiencia enerxética para reducir a intensidade enerxética. Porén, tamén é necesario que se actúe de maneira decidida sobre os custos enerxéticos que teñen que soportar as empresas no desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, Galiza acolle no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos intensivos no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade destas actividades –coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas– está estreitamente vencellada a disporen de electricidade a uns prezos que respondan á realidade dos custos relativos á súa produción, transporte e distribución. Desta medida veríanse beneficiadas non só esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos galegos, que lograrían un abaratamento evidente da súa factura enerxética incrementando así a súa competitividade. Sen a

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificiosamente agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica de Estado, mais que non corresponden á realidade do noso país, incrementaríase o atractivo de Galiza como territorio para a implantación empresarial.

Dado que o obxectivo do sistema eléctrico é fornecer electricidade con maior nivel de calidade, ao menor custo posíbel e con respecto ás cuestións ambientais, parece evidente que se necesita de maneira inadiábel que a través dos mecanismos gobernativos oportunos se garanta que un territorio como o galego, que conta cunha grande capacidade de transformación de enerxía primaria en enerxía apta para o consumo, dispoña dun prezo da electricidade que constitúa unha vantaxe competitiva para as empresas que nel están localizadas. Os custos de transporte e distribución desde as instalacións de produción localizadas en territorio galego até os centros de consumo industrial en Galiza deberían ser inferiores aos que se recollen na actual estrutura de peaxes e cargas que está vixente para todo o Estado, dada a proximidade espacial entre unhas e outros. Adaptar estes conceptos regulados á singularidade propia de Galiza permitiría explotar unha vantaxe comparativa do noso país para xerar riqueza e emprego a través da produción industrial.

O capítulo II desta Lei recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de todas as persoas. Para tal fin, concrétase a definición da pobreza enerxética e articúlanse varias medias para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un problema de cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindíbel. Segundo datos recentes en Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción, etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada.

Capítulo I. Medidas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galiza.

Artigo 1. Política enerxética.

A Xunta de Galiza porá en práctica no ámbito das súas competencias e promoverá e defenderá nos órganos de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas medidas encamiñadas a:

a) A participación da Xunta de Galiza directamente, ou a través de empresas mixtas, para o aproveitamento público de todos recursos enerxéticos, así como de todas as instalacións de produción, distribución e transporte existentes en Galiza.

b) A implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, partindo dunha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.

c) A diversificación das fontes de enerxía e recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovábeis.

d) A aprobación dun plano de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.

e) A esixencia da inclusión da Galiza no actual Plano Estatal do Carbón.

f) A creación dunha tarifa industrial estábel, con variacións predicíbeis, á que se podan acoller os grandes consumidores baixo o cumprimento dunha serie de requisitos de consumo,

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

potencia contratada e dispoñibilidade de interrupción do subministro se for preciso para a xestión do sistema eléctrico.

Capítulo II. A enerxía como dereito universal de todas as persoas ao benestar social.

Artigo 2. Concepto de pobreza enerxética.

Unha unidade de convivencia está en situación de pobreza enerxética cando ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas e electricidade) da súa vivenda. Para o cálculo anterior, considerararanse os gastos teóricos de enerxía para manter a temperatura da vivenda entre 18ºC e 21ºC.

Artigo 3. Medidas para erradicar a pobreza enerxética.

1. A Xunta de Galiza asumirá o custo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulnerábeis en risco de pobreza enerxética.

2. Para os efectos de dar cumprimento ao anterior, as persoas que se encontren en situación de pobreza enerxética, nos termos do artigo 2 desta Lei, poderán solicitar da Administración, ao recibiren o aviso de interrupción do subministro de electricidade ou gas, que se faga cargo das súas facturas de gas e electricidade.

3. Para demostrar a situación de pobreza enerxética, os interesados deberán achegar coa súa solicitude un informe dos servizos sociais sobre a situación da unidade de convivencia. Este informe, que as administracións públicas competentes deberán emitir no prazo máximo de quince días desde que sexa requirido, acreditará o cumprimento dos requisitos do artigo 2 desta Lei cunha vixencia de seis meses, sen prexuízo da súa renovación.

4. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras dos servizos básicos de electricidade e gas os mecanismos de intercambio de información e de prezos sociais, co obxectivo de mellorar a prevención e a planificación das actuacións públicas.

5. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras os mecanismos de información necesarios para que poñan en coñecemento dos servizos sociais e das persoas usuarias a información existente e actualizada sobre as tarifas sociais e as axudas e medidas previstas para frear a pobreza enerxética.

Por todos estes motivos, os grupos municipais de Terra Galega, PSdeG-PSOE e BNG solicitan do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

Acordo

Primeiro.-Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.-Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.

Narón, 15 de outubro de 2015

Marián Ferreiro	Pablo Villamar	Catalina Mª García
Voceira do Grupo Municipal de TERRA GALEGA	Voceiro do Grupo Municipal do BNG	Voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE”

E visto o ditame favorable, por maioría, con 7 votos a favor (4TEGA+1 PSdeG-PSOE+1 BNG+1 GRUPO MIXTO) e 2 abstencións do PP da Comisión Informativa de Desenvolvemento da

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Actividade Social e Igualdade de data 20-10-15, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 10
PP: En contra 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 2

20 º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE NARÓN CON MOTIVO DA MARCHA ESTATAL CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS DE 07 DE NOVEMBRO 2015.. –

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno o seguinte manifesto:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 7 de novembro de 2015 confluiremos en Madrid miles de persoas de todo o Estado, convocadas polo Movemento Feminista, para manifestarnos contra as violencias machistas.

Todas as persoas e entidades, especialmente as públicas, estamos emprazadas non só a manifestarnos e contribuír a esta acción cidadá, senón a reactivar e mellorar a prevención e a resposta á subsistencia da violencia machista evidenciada nos casos gravísimos deste verán, dez anos despois da Lei integral contra a violencia de xénero de 2004, das numerosas leis autonómicas e un ano despois da ratificación do Convenio de Istambul (BOE do 06.06.14), que se incumpren substancialmente en canto a prevención no ámbito educativo, que só dan protección laboral ou económica ao 1% das 126.742 denunciantes, ou de vivenda, mentres crece a desigualdade que é o caldo de cultivo da violencia.

Os concellos, como institución máis próxima, somos imprescindibles para a prevención e a atención social, xurídica e psicolóxica que establece o artigo 19 da lei estatal de 2004. Con todo, o artigo 27.3.c) da Lei de Réxime Local reformado pola Lei 27/2013 di que os concellos só poderán prestar servizos sociais, de promoción da igualdade de oportunidades e de prevención da violencia contra a muller por delegación do Estado ou da Comunidade Autónoma financiada ao 100%, que en absoluto cobren os 6 millóns da partida 45 do programa 232C de Violencia de Xénero no Proxecto de Orzamentos do Estado 2016.

Por todo iso, preséntase para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte manifesto instando ao Concello a:

- colocar o 7 de novembro de 2015 na fachada do Concello unha pancarta violeta coa lema "contra as violencias machistas" e promover a participación cidadá na Marcha.
- facelo igualmente cada ano o 25 de novembro, Día internacional contra a violencia cara ás mulleres.
- soster tódolos días do ano, tódolos anos, os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art. 19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema estable de financiamento estatal, autonómica e local a longo prazo.
- asegurar unha atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

seguimento, o que leva a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.

- contribuír á promoción da igualdade e contra a violencia de xénero en todos os centros e en tódalas etapas educativas, cooperando coa comunidade escolar.
- realizar campañas de sensibilización contra o sexismo na actividade cultural, de organización de festexos, de seguridade e convivencia e tódalas actuacións e servizos de competencia municipal.
- erradicar o sexismo, a segregación, o acoso e os estereotipos sexuais en todas as nosas actuacións e servizos.
- desenvolver unha atención especial ás mulleres con discriminación múltiple e outros colectivos agredidos pola violencia machista, como persoas con diversidade sexual, inmigrantes, con diversidade funcional, paradas ou dependentes, e non incorrer na victimización múltiple nos procesos de atención.
- fomentar a participación da sociedade civil, en particular as organizacións de mulleres.

Enviar este acordo á Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, para que no seu seguimento e Informes ao GREVIO para a aplicación do Convenio de Istambul que establece o seu artigo 68 inclúa, conforme aos artigos 7.3 e 18.2, as actuacións da administración local.

E visto o ditame favorable, por unanimidade da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 20-10-15, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a Declaración transcrita.

21 º.- MOCIÓN DE TEGA, BNG E PSdeG-PSOE RELATIVA A CRISE DE REFUXIADOS SIRIOS CAUSADA POLA GRAVE CONFLICTO ARMADO EN ORIENTE MEDIO.. - Lida polo secretario xeral a moción que di así: O **Grupo Municipal de Terra Galega con CIF: 36965374 ,BNG e PSdeG-PSOE** o amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais presentan ante o Pleno da Corporación Municipal esta Moción, con base nos motivos e consideracións seguintes

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unión Europea está a enfrontar o seu maior exame de humanidade en décadas e ata o momento a resposta suspende claramente en dereitos humanos. Abusos nas fronteiras, descoordinación ante a crise e falta dun liderado claro están a ser a tónica.

É unha crise de refuxiados, pero tamén é a crise de Europa e a súa deplorable resposta. Os líderes europeos deben estar á altura, cumprir o dereito internacional e protexer a aqueles que o necesitan.

Dende marzo de 2011, centenares de miles de persoas perderon a vida como consecuencia do conflito armado en Siria, moitas delas civís, e outras miles permanecen detidas ou secuestradas sendo obxeto de tortura ou outros malos tratos, ou malviven en cidades baixo asedio. Ao redor de 85.000 persoas desapareceron. Tanto o Goberno Sirio como os grupos armados de oposición son responsables de abusos contra os dereitos humanos e crimes de guerra: asasinaron, torturaron e maltrataron prisioneiros.

Como consecuencia deste grave conflito armado, actualmente o número de persoas refuxiadas supera os 4 millóns, a maioría dos cales buscaron seguridade en países veciños como Xordania, Líbano, Iraq ou Exipto, e outros 7,6 millóns de persoas se encontran desprazadas dentro das

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

fronteiras de Siria. É dicir, máis de 11 millóns de persoas, aproximadamente a metade da poboación de Siria, tiveron que abandonar os seus fogares.

Ante esta situación, a resposta da comunidade internacional deixa moito que dexesar. É urxente que se emprendan accións para protexer a poboación civil e previr que se cometan máis crimes de dereito internacional. A inacción internacional incrementa a impunidade dos responsables de violar os dereitos humanos. España, como parte da comunidade internacional, tamén ten responsabilidades respecto a esta crise humanitaria, polo que consideramos que o Goberno español debe dar unha resposta centrada nos dereitos humanos das persoas que foxen do conflicto en Siria.

Por todo iso, o Concello de Narón insta ao Goberno español a:

1. Ofrecer una resposta acorde aos máis de 4 millóns de refuxiados a través de rutas legais e seguras. É necesario incrementar de forma moi significativa as prazas de reasentamento, conceder máis visados humanitarios e facilitar a reunificación familiar. Débese priorizar mulleres e nenas en risco, persoas con necesidades médicas ou con minusvalideces e outras con necesidades especiais de protección.
2. Promover que a comunidade internacional emprenda as acción necesarias para protexer a poboación civil de Siria e previr que non se cometan máis crimes de dereito internacional, incluídos crimes de guerra e de lesa humanidade.
3. Instar ao Consello de Seguridade de Nacións Unidas (NNUU) a que remita a situación de Siria á Corte Penal Internacional, e ordene a conxelación de activos do presidente Bashar Al-Asad e os seus colaboradores próximos.
4. Promover que se poña fin de inmediato ás transferencias de armas ao Goberno sirio, así como impedir o fluxo de armas e outro tipo de apoio militar a grupos armados en Siria que levaron a cabo graves violacións de dereitos humanos ou de dereito internacional humanitario. Así como a imposición inmediata dun embargo global de armas ás forzas do Estado Islámico, en calquera país onde se encontren.
5. Incrementar o apoio, tanto financiero como técnico, ao Plan de Resposta Rexional de NNUU para a crise de Siria.

Ademais, o Concello de Narón asume o compromiso de poner a disposición de Goberno español un número significativo de prazas de reasentamenro para persoas refuxiadas de Siria no Concello de Narón, así como suficientes recursos para a implementación dos programas de integración necesarios.

Narón,6 de Outubro de 2015.

Marian Ferreiro Díaz	Pablo Villamar Díaz	Catalina Mª García Blanco
Voceiro do Grupo Municipal TERRA GALEGA	Voceiro do Grupo Municipal do BNG	Voceiro do Grupo Municipal de do PSdeG-PSOE”

E visto o ditame favorable, por unanimidade da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade de data 20-10-15, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda facer desta moción unha **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL.**

22 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA ESTABLECER CRITERIOS XUSTOS E OBXECTIVOS NAS AXUDAS DEPORTIVAS.. -

Lida polo secretario xeral a moción que di así: **O Grupo Municipal do Partido Popular de Narón con CIF: G70068895,** e o amparo do establecido nos arts. 91.4 e 97.3 do Regulamento de

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **presenta para o seu debate a Pleno a seguinte Moción:**

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA ESTABLECER CRITERIOS XUSTOS E OBXECTIVOS NAS AXUDAS DEPORTIVAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos orzamentos correspondentes ao ano 2015, na área referida a "Deportes", recolleuse unha partida de 373.000 euros polo concepto de "convenios". Dita partida se repartía en dúas partes, unha de 343.000 para convenios nominativos, e outra de 30.000 para subvencións de libre concorrencia e con criterios obxectivos previamente establecidos. Similar reparto a este é o que se ven facendo dende fai anos.

Diversos informes veñen cuestionando dende fai tempo este reparto desigual en base a "criterios políticos", sen razóns obxectivas que o xustifiquen, o que sen dubida ven a darnos a razón nas veces que dende o Grupo Municipal do Partido Popular de Narón denunciamos esta situación anómala.

PROPOSTA

1º.- Instar ao goberno de Narón a iniciar un proceso para revisar os criterios que regulan a concesión das axudas deportivas, tanto dos convenios nominativos coma das subvencións de libre concorrencia.

2º.- Instar ao goberno de Narón a ir invertendo paulatinamente esta tendencia no reparto, de xeito que se poida chegar a que o 90% das axudas se repartan de acordo a criterios xustos e obxectivos, previamente establecidos.

3º.- Instar ao goberno de Narón a que no reparto das axudas deportivas recollido nos orzamentos para o ano 2016 se recolla unha porcentaxe destinada a subvencións de libre concorrencia non inferior ao 30%, cun mínimo de 100.000 euros.

En Narón, a 22 de outubro de 2015

Asinado: Marcos López Balado

Voceiro Municipal do Partido Popular

E visto o ditame **DESFAVORABLE** por maioría con 4 votos en contra (2 TEGA+1 BNG+ 1 PSdeG-PSOE), 1 abstención do GRUPO MIXTO e 1 voto a favor do PP, da Xunta de Portavoces de data 26-10-15, o seu presidente propón ao Concello Pleno, a adopción do ditame neses mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou o **DITAME DESFAVORABLE** da moción transcrita:

TEGA: A favor 10

PP: En contra 5

PSdeG-PSOE: A favor 2

BNG: A favor 2

GRUPO MIXTO MUNICIPAL: Abstencións 2

23 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA QUE SE APLIQUE NA FACTURA DE COSMA UN DESCONTO POLOS DÍAS NOS QUE O AUGA NON FOI APTA PARA O CONSUMO.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: **O Grupo Municipal do Partido Popular de Narón con CIF: G70068895,** e o amparo do establecido nos arts. 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **presenta para o seu debate a Pleno a seguinte Moción:**

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA QUE SE APLIQUE NA FACTURA DE COSMA UN DESCONTO POLOS DÍAS NOS QUE O AUGA NON FOI APTA PARA O CONSUMO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Debido á que se veu en chamar como "crise do auga" houbo uns días en que o consumo de auga foi restrinxido o conter valores superiores aos permitidos no nivel de Trihalometanos.

O día en que se estableceu a restricción foi o 16 de xullo, que durou ata o 19. Coñeceuse posteriormente, tras a restrición, que os primeiros resultados anómalos databan de mostras tomadas o 29 de xuño.

Se ben é certo que en Narón temos unha compañía de augas propia, Cosma, da que o alcalde é o seu presidente, o cal non informou de que se houbese detectado nada, o feito fundamental é que Ferrol é quen nola suministra en última instancia.

Polo tanto, o caso é que os veciños viñeron pagando por un suministro que non puideron consumir por non reunir os requisitos mínimos.

PROPOSTA

1º.- Instar ao goberno de Narón a propoñer no consello de administración de Cosma, onde ten maioría, descontos na facturación polos días en que os veciños recibiron auga non apta para o consumo.

2º.- Instar ao goberno de Narón a propoñer no consello de administración de Cosma, do mesmo xeito, que se inicie un procedemento de reclamación contra o Concello de Ferrol, para que desconte tamen a parte proporcional onde o auga non foi apta para o consumo.

En Narón, a 23 de outubro de 2015

Asinado: Marcos López Balado
Voceiro Municipal do Partido Popular

E visto o ditame **DESFAVORABLE** por maioría con 5 votos en contra (2 TEGA+1 BNG+ 1 PSdeG-PSOE+ 1 GRUPO MIXTO) e 1 voto a favor do PP, da Xunta de Portavoces de data 26-10-15, o seu presidente propón ao Concello Pleno, a adopción do ditame neses mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou o **DITAME DESFAVORABLE** da moción transcrita:
TEGA: A favor 10
PP: En contra 5
PSdeG-PSOE: A favor 2
BNG: A favor 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: A favor 1 (EU) ; Abstencións 1 (E.N.E.)

24 º.- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (EU) SOBRE A CEMENTEIRA DE CASTRO.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así: Visto o texto da moción que literalmente transcrito di:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Exposición de motivos:

Tralo anuncio da multinacional Excem, a través da súa filial "Cementos Galegos", de que a súa pretensión era a de instalar unha cementeira en Castro, segunda neste concello, o único de España con ese "orgullo", os veciños da parroquia do rural naronés comezaron una longa loita contra esa aberración medioambiental que dura xa máis de dez anos.

Castro converteuse nun símbolo na comarca de Ferrolterra de loita contra a inxustiza, inxustiza duns gobernantes elixidos pola cidadanía para tratar de facer do concello un mellor lugar para vivir e que daban as costas ós veciños, antepoñendo os intereses dunha empresa ós dos veciños, poñendo o privado por riba do público.

Pouco a pouco, o colectivo anti-cementeira, como sucedeu recentemente no barrio de Gamonal en Burgos, foi quén de acadar apoios doutras entidades veciñais, colectivos ecoloxistas e ferrolterráns en xeral, que non dubidaron en secundar as numerosas mobilizacións que durante anos os veciños de Castro promoveron: festivais, recollidas de firmas, caravanas automobilísticas, manifestacións, encerros... actos que reforzaron e non deixaron que decaesen os folgos na sempre difícil loita contra unha multinacional apoiada por gobernantes, neste caso, naroneses, binomio difícil de bater.

En paralelo á vía da mobilización social, os veciños recorreron á vía xudicial, longa e custosa, tendo que recadar fondos para poder levar ós tribunais a inxustiza que se estaba a cometer: A implantación dunha industria altamente contaminante, en chan rústico apto para ser urbanizable, noutras palabras, no medio das casas dos veciños de Castro.

Cabe salientar, que os principais efectos deste tipo de industrias son a contaminación do ar pola emisión de po e partículas durante o transporte, recepción e transformación das materias primas, contendo ese po metais como arsénico, cadmio, mercurio, chumbo, talio ou zinc, todos eles con efectos toxicolóxicos claros. Ademais, falamos de partículas cun tamaño inferior á sétima parte dun cabelo humano, que en suspensión poden desprazarse quilómetros e quilómetros.

Diversos estudos científicos alertan dos efectos sobre a saúde deste tipo de industrias: mortes prematuras, agravamento de crises asmáticas, tose persistente, bronquite crónica, absentismo escolar e laboral, maior número de ingresos hospitalarios da poboación afectada, así como, a longo prazo, silicose e cancros de estómago e de pulmón. Os grupos máis afectados son os nenos, os maiores e aqueles que padecen doenzas respiratorias. A crise inmobiliaria ven de facer que a planta non chegase a funcionar ó ritmo planeado, mitigando en parte estes efectos sobre os naroneses.

Daquela o que se pedía era que se respectase o artigo 45 da Constitución Española: "*Os poderes públicos mirarán pola utilización racional de tódolos recursos naturais, co fin de protexer e mellora-la calidade de vida e defender e restaura-lo ambiente, coa axuda da indispensable solidariedade colectiva*". Desgrazadamente, no Concello de Narón, optouse por obvialas súas responsabilidades e por poñerse do lado da multinacional. Incluso o anterior alcalde de Terra Galega chegou a firmar un documento privado coa empresa na que se comprometeu a promover por riba de todo a instalación de dita cementeira.

Todos estamos a favor da creación de novas empresas, sobre todo nunha comarca tan castigada como esta, pero que coiden o medio ambiente e non poñan en perigo a saúde dos cidadáns desta comarca.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Tras anos de loita fora e dentro dos tribunais, a forza dos argumentos sociais e legais veu dándolle, sentenza tras sentenza, a razón ós veciños de Castro, tanto no tribunal superior de Galicia coma no Supremo de Madrid, nos que anulaban a recalificación da parcela onde se instalou a cementeira, a autorización ambiental e a licenza de actividade. Todo un cúmulo de despropósitos que aínda estamos a tempo de emendar.

É por todo isto, polo que o Grupo Municipal de Esquerda Unida de Narón, propón a seguinte **MOCIÓN**:

O Pleno do Concello de Narón acorda manifestarse a favor do cumprimento das sentenzas dos Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo de Madrid.

Así mesmo, o Concello instará á execución de ditas sentenzas promovendo o derribo da planta de Castro e instando á empresa promotora a restitución do estado anterior da parcela.

Como compensación a todos estes anos de despropósitos por parte das autoridades municipais, o Concello se compromete a estudar a posibilidade de recuperar a parcela para dedicala a actividades lúdicas e deportivas, así como a restaurar, no posible, a fonte catalogada e coñecida no saber popular como "a fonte da santa".

A parcela debería de pasar a ser un símbolo e un recordo do que nunca debeu de ser a actitude dun goberno municipal.
Dito acordo será remitido ás consellerías de Medio Ambiente e de Industria da Xunta de Galicia.

(Axuntamos un relatorio con sentencias e recursos sobre a cementeira de Castro dende 2004)

Narón, 23 de Outubro de 2015
Asdo. André Abeledo Fernández
Voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida

E visto o ditame **DESFAVORABLE** por maioría con 2 votos en contra de TEGA, 3 abstencións(1PP+ 1 BNG+ 1 PSdeG-PSOE) e 1 voto a favor do GRUPO MIXTO, da Xunta de Portavoces de data 26-10-15, o seu presidente propón ao Concello Pleno, a adopción do ditame neses mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioria e en votación ordinaria, aprobou o DITAME DESFAVORABLE da moción transcrita:
TEGA: A favor 10
PP: A favor 5
PSdeG-PSOE: En contra 2
BNG: Abstención 2
GRUPO MIXTO MUNICIPAL: En contra 2

25º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

Non houbo.

26º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACION DE CONTA RESOLUCIÓNS ÓRGANOS DE GOBERNO

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

O Sr.alcalde comunica aos/-as Sres./-as concelleiros/-as que as resolucións da Alcaldía e dos/-as concelleiros/-as delegados/-as están á súa disposición nas oficinas da Secretaría Xeral do Concello.

27º.- <u>ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS</u>

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 21:20 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sr. alcalde comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

O ALCALDE-PRESIDENTE O SECRETARIO XERAL

Asdo.- JOSÉ M. BLANCO SUÁREZ Asdo.- ALFONSO DE PRADO FDEZ.-CANTELI.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es